

**Lírica medieval galego-portuguesa e neotrobadorismo na
“época Nós”: Coordenadas da poesía de Fermín Bouza Brey**

Teresa López

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ, TERESA (2011 [1993]). “Lírica medieval galego-portuguesa e neotrobadorismo na ‘época Nós’: Coordenadas da poesía de Fermín Bouza Brey”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 35-68. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1342>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ, TERESA (1993). “Lírica medieval galego-portuguesa e neotrobadorismo na ‘época Nós’: Coordenadas da poesía de Fermín Bouza Brey”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 35-68.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Lírica medieval galego-portuguesa e neotrobadorismo na “época Nós”: Coordenadas da poesía de Fermín Bouza Brey

Teresa López

Este traballo pretende trazar as coordenadas histórico-literarias nas que surxe o movemento poético coñecido como neotrobadorismo, con especial atención á poesía de Fermín Bouza Brey. Dunha parte, invéstase a difusión real da lírica trobadoresca medieval na Galicia do primeiro tercio deste século, non necesariamente ligada ás edicións xenéricas de Nunes, relacionando a atención que se lle prestou cos intereses ideolóxicos do nacionalismo galego. Doutra, aténdese á posibilidade de que a boa acollida do neotrobadorismo ensaiado por Bouza Brey na década dos vinte se deba a ofrecer unha alternativa poética ás vangardas, autenticamente galega á par que moderna.

O ano 1992 serviu para que a figura histórica e, especialmente, a obra literaria de Fermín Bouza Brey sufrise unha revisión (parcial) gracias ao incentivo que supuxo a celebración do Día das Letras Galegas na súa honra. Esta conmemoración obrigou a estudiosos e investigadores da literatura galega a debrozarse sobre as páxinas escritas por Bouza para ofrecernos puntuais traballos —de desigual valía— sobre a súa significación na literatura galega, que abranxen desde a síntese divulgadora á aportación orixinal. Resultado destes esforzos foi que nestes últimos meses se imprimiron máis traballos dedicados a este autor que en todos os anos que a súa obra literaria leva aí, a libre disposición de todos nós¹.

Este traballo non pretende dar unha visión de conxunto da obra literaria de Bouza Brey nin ser unha aproximación global á súa poesía. Trátase só dunha reflexión sobre o aspecto tradicionalmente máis destacado pola crítica e a historia literaria galegas ao aproximarse á obra poética de Fermín Bouza Brey: o neotrobadorismo. A consideración xeneralizada de ser Bouza o responsable inicial da revitalización do cancionero medieval na nosa poesía contemporánea levou aparelhada a redución da súa obra poética a este único aspecto, de maneira que, aínda sen entrar nunha análise demorada da maneira na que operan os textos medievais nalgúns de seus poemas, nin da complexidade de factores que teñen que confluír para que se produza e teña acollida positiva un fenómeno literario como o neotrobadorismo, o neotrobador (con toda a connotación mimética que posúe o calificativo) foi a imaxe de Bouza Brey que perpetuou a crítica galega, cometendo unha notoria inxustiza co poeta. Compartindo a revisión da súa obra literaria, en xeral, e desta súa faceta poética, en particular, propiciada pola dedicatoria do Día das Letras Galegas deste ano², intentarei re-situar o neotrobadorismo na poesía galega anterior á guerra civil, con especial atención á

obra de Fermín Bouza Brey, a pesar de que, polas limitacións deste traballo, corra o risco de ficar só no esbozo dun panorama incompleto ou na simple aventura de hipóteses de traballo.

FORTUNA CRÍTICA DA POESÍA DE FERMÍN BOUZA BREY

Antes de emprender este labor de re-situación, creo conveniente realizar unha revisión da literatura crítica xerada arredor da obra de Bouza, do neotrobadorismo e da poesía galega, para apreciar como se foi conformando o clixé xa mencionado do Bouza neotrobador. Neste sentido, cómpre que establezamos a distinción entre a valoración inmediata do poeta na década que vai de 1926 (publicación en *Nós* de “Trova infinita” e “Lelías ao teu ouvido”) a 1936 (inicio da guerra civil) e a apreciación da súa poesía na posguerra, marcada por unha maior distancia (e distanciamento) da súa produción de preguerra e pola aparición dun novo libro (1955, *Seitura*), circunstancias que determinan a apreciación crítica da súa obra, reflexada nos primeiros intentos de sistematización científica da historia literaria contemporánea que ven a luz na década dos cincuenta (Carballo 1955b; del Riego 1951), todo isto no marco do cambio radical que se producira na situación política, social e literaria de Galicia despois do ano 39. Estes traballos histórico-literarios do lento despertar de posguerra puxeron as bases (a pesar do seu carácter esquemático e excesivamente divulgador en ocasións) nas que se sustentarían moitas das aportacións posteriores, que nalgún caso non fixeron máis que reiterar as ideas e propostas que neles aparecían³.

A consideración do neotrobadorismo como tendencia poética (incluíndo a mesma denominación) e de Bouza Brey como o seu iniciador débese, fundamentalmente, á historiografía literaria de posguerra. Nas antoloxías poéticas e nos manuais de historia literaria que paseniñamente se van publicando o neotrobadorismo vai converténdose cada vez máis en referencia inexcusable ao abordar o panorama poético dos anos 20 e 30⁴e, parellamente, é tópica a referencia a Bouza como o seu iniciador, de maneira que se vai consagrando un pequeno círculo vicioso crítico que obriga a falar da poesía de Bouza Brey se se fala de neotrobadorismo e a falar de neotrobadorismo se se fala da poesía de Bouza Brey, tomando sempre como referente os poemas de *Nao senlleira*. Na inmediata posguerra, Varela Jácome (1951) considera *Nao senlleira* como a mellor mostra da influencia dos cancioneros e Fernández del Riego (1951) destacará a poesía de Bouza Brey como paradigma deste retorno aos cancioneros, a pesar de logo se referir tamén a esta faceta en Cunqueiro. Igualmente, uns anos despois, Filgueira (1959) destacará o papel de real iniciador de Bouza na primeira mini-monografía sobre o neotrobadorismo e Franco Grande (1959) concordará en conceder á aparición de *Nao senlleira* o papel inaugural desta corrente. Xa en anos máis próximos, tanto Losada (1971) como Hernández (1974) ou Varela (1976) seguen a considerar a Bouza como o iniciador do neotrobadorismo.

Así, a súa calidade de primeiro neotrobador agachou, no xuízo crítico máis extendido, grande parte da obra de Bouza, impedindo calquera outra valoración da súa poesía que non fose a ditada pola recreación de formas e modos cancionerís⁵. É curioso como nin o coñecemento daqueles poetas que xa ensaiaran con anterioridade a lírica de factura medievalizante —ben fose o antecedente isolado de Viqueira, ben o de recente descuberta de Carles Riba—, priva a Bouza desta consideración, entre outros motivos porque os seus poemas seguían sendo os únicos que puideron actuar de maneira efectiva como modelos para os posteriores intentos nesta liña, isto

é, as “Lelías ao teu ouvido” ou as “Tríadas no mar e na noite” serían os poemas que operaron como modelo en ensaios posteriores, os que descubriron unha nova posibilidade de facer poesía galega⁶. O importante non é pois elaborar unha cronoloxía rixida de antecedentes, nin emprender pesquisas para buscar o poema de inspiración trobadoresca máis recuado no tempo, senón ter conta da cronoloxía efectiva e, por iso, Bouza é o primeiro neotrobador: porque a publicación das súas poesías en *Nós* é a que abre (aos demais, aos que virán despois) a posibilidade dun/do neotrobadorismo. Isto explica tamén que naqueles casos en que se estableceu algunha matización a este labor pioneiro de Bouza Brey surxiu sempre, inevitablemente, o nome de Cunqueiro, non o de Viqueira (Carballo 1955b). Esta oposición non se debía ao interese crítico (ou ideolóxico) en outorgarlle a Cunqueiro un achado que non era seu, senón a que se cría ver na lectura que Cunqueiro fixera da tradición medieval, primeiro en *Cantiga nova que se chama riveira*, logo en *Dona do corpo delgado*, a verdadeira causante de todas as poesías e poetas neotrobadorescos que despois virían, o verdadeiro creador da fórmula logo imitada e reiterada *ad infinitum*⁷. Esta oposición acompañouse da caracterización da poesía de Cunqueiro como máis vital, máis xovial, máis aérea e da de Bouza como dunha maior rixidez, máis pesada, máis arqueolóxica (aproveitando ser a arqueoloxía unha das súas facetas de dedicación científica) e fixo unha fortuna tal que, por simple repetición, chegou a converterse nunha afirmación verdadeira e comunmente aceptada. Quen lanzara a oposición entre ambos os dous poetas como neotrobadores fora Fernández del Riego (1933) mais quen a asentou nestes termos foi Carballo distinguindo a Cunqueiro como iniciador real do neotrobadorismo por ser “la fórmula neotrobadoresca, hallada por Cunqueiro” e a Bouza como o primeiro, cronoloxicamente, en ensaiar esta recreación cun tipo de cantiga “como una sumisa hacanea engualdrapada” (Carballo 1955a) co que ademais de conceder a Cunqueiro o achado real parece sinalar, ao tempo, o carácter mimético, máis fiel na reprodución do modelo previo, da poesía de Bouza, o que implica, en boa medida, negarlle o seu carácter innovador. Esta caracterización pasaría a ser repetida, con atributos semellantes, en case toda a literatura crítica sobre o neotrobadorismo, conformando un dos tópicos sobre o tema (p. e. Hernández 1974: 115-16). Esta desvalorización do elemento novo na poesía de Bouza acentuaríase se o termo de comparación escollido era a non xa novidosa, senón vangardista, primeira *Cantiga nova que se chama riveira*.

Con todo, considero máis interesante a valoración da recepción da poesía de Bouza nos anos inmediatos ás súas primeiras publicacións, facendo a distinción entre a apreciación da súa poesía antes da aparición do seu primeiro libro (*Nao senlleira*, 1933), cando só era autor duns poucos poemas, publicados maioritariamente na revista *Nós*⁸. V. Risco, en datas tan temperás (se consideramos o volume da obra poética de Bouza entón publicada) como 1927 e 1928, fai unha valoración moi positiva da súa poesía, avanzando calificativos logo repetidos con demasiada frecuencia:

Bouza Brey pillou todo o engado, toda a delicadeza esquisita, toda a arte sincera dos Canzoneiros, e deitouna en modernidade en fermosísimos poemas qu’andan pol-as revistas adiante. En preno século XX, é un poeta cortesán que sinte o que rima. (Risco 1927)

Bouza Brey asimilouse tan cumpridamente o espírito dos Cancioneiros, que resulta un poeta cortesán do século XVI, imbuído da derradeira modernidade. (Risco 1928)⁹

Estas afirmacións autorizaranse coa reprodución de fragmentos de “Lelías ao teu ouvido” e “Tríadas no mar e na noite” (ibid.).

A mesma valoración positiva encontrámola nun traballo de Carballo Calero, máis coñecido e citado que estes dous de Risco, onde ademais aventura xa a definición das grandes liñas da poesía galega contemporánea, situando nelas a obra de Bouza:

Hai dúas tradicións líricas galegas. Unha que nacendo e morrendo cos Cancioeiros rexurde en Bouza Brey. Outra que xurdindo nos Precursores e pasando por Pondal perpetúase en Cabanillas [...] Pero é que hai outros moitos poetas que non proceden de ningunha disas dúas estirpes, senón que labouran con procedimentos importados de outras literaturas. (Carballo 1931: 54)

Esta cita fai explícita unha das claves da valoración positiva que mereceu a poesía de Bouza Brey: a súa autoctonidade, a súa enxebreza, a súa galeguidade, en suma. Esta galeguidade susténtase principalmente en formar parte (aínda que non sexa por continuidade natural, senón por inserción deliberada) dunha tradición literaria propia que, neste caso, é a máis antiga. A mesma cita anticipa outro dos elementos fundamentais que van intervir na inmediata valoración da poesía de Fermín Bouza: a súa relación coa poesía da vangarda, o seu carácter, negado ou reivindicado, de poesía nova. Teremos ocasión de ver como, principalmente tras a aparición de *Nao senlleira*, a maioría das críticas van polarizarse arredor desta cuestión. Aínda engade Carballo novos elementos de interpretación dos poemas de Bouza, ao negar o seu carácter simplemente mimético ou a súa redución á reprodución métrica e rítmica das cantigas medievais, e destacar que a influencia cancioneril se manifesta tamén "no léisico, no esprito, no tema" (Carballo 1931: 56) así como outros elementos tal a riqueza do seu galego ou o seu carácter vagamente saudoso. Como colofón, ofrece a súa persoal valoración do que supón a poesía de Bouza Brey no seu contexto de actualidade:

A súa poesía seméllame a de máis porvir, a máis propia da Galiza de hoxe. (ibid.)

No ano seguinte, 1932, volverá Carballo, de forma breve, sobre a poesía de Bouza, anticipándose á aparición de *Nao senlleira*, con expresións de louvanza e admiración:

[*Nao senlleira*] recolle as xoias líricas espalladas en revistas pol-o seu autor, i engade algún inédito. Non creemos —oxalá nos desmintan a realidade, pra orgullo e gloria da lírica galega!— que sexa superado en moitos anos. (Carballo 1932: 223)

Xa na rúa *Nao senlleira*, a revista *Nós*, nun traballo publicado sen asinar titulado "A cultura galega hoxe en día", destaca novamente os logros da súa obra:

eixempramente galega, sen influxo alleo ningún, fundada na tradición medieval e nas fontes populares [...] Representa a tradición nacional e demostra coma con elementos non emprestados pódese criar unha lírica espréndida de côr e de plasticidade. Bouza Brey sintetiza perfectamente as tendenzas mais nidias da maioría dos poetas galegos de hoxe, cúa obra caracterízase por un senso de cautela na audacia e unha profunda galeguidade no esprito. (s/a 1933 a: 99)

Neste xuízo positivo volve ter a parte principal a súa valoración como poesía autenticamente galega, canto supón a innecesariedade de buscar modelos poéticos fóra da tradición propia. Este traballo cuestiona a existencia, naquel momento,

dunha poesía galega nova parella á de M. Antonio, encontrando como único exemplo de consideración neste sentido o labor de A. Cunqueiro. O fragmento que reproducimos deixa ben claro que a enxebreza, definida aquí por ser a posta ao día da tradición literaria galega, é o máis valioso (por valorado) dos poemas de *Nao senlleira*, destacándose como unha vía válida para facer poesía de actualidade non só en galego senón tamén galega, opóndoa como un logro autóctono fronte aos intentos vangardistas, que o crítico dá a entender que utilizan elementos alleos, non propios ("emprestados"). Nesta oposición entre o neotrobadorismo de Bouza (aínda que non se denomine así) e a lírica nova, de vangarda, latexa no fondo a cuestión de cal é a dirección que se considera debe tomar a literatura galega, que camiño debe seguir para converterse nunha literatura renovada sen deixar de ser galega. Precisamente na definición desta "esencialidade galega" é onde está o *quid* de moitos dos xuízos sobre o vangardismo. A condena da poesía de vangarda por non-galega debíase principalmente a vela como unha solución que se contentaba con mimetizar unha poesía allea. Allea non tanto por estranxeira como por considerar que o que se mimetizaba era unha dirección de actualidade, pero noutras literaturas¹⁰ e, postos a mimetizar, aínda que fose introducindo elementos de renovación, sempre sería mellor facelo tomando como referente unha poesía propia, pertencente ao acervo literario galego que, ademais, se consideraba xenuína representante do xenio galego, especialmente no seu xénero de amigo. Esta distinción de dous tipos na poesía galega dos anos trinta, caracterizado un por elementos propios do pobo galego, outro, polo seu carácter vangardista, encontrámola tamén nun artigo de J. da Mota Lopes reproducido en *A Nosa Terra*:

Se o elemento predominante da poesía portuguesa é o lirismo, no culto saudosista dos poetas galegos vamos encontrar a preponderancia dum principio igual. É que a alma é a mesma e identico, por isso, o carácter das duas literaturas [...] Os poetas galegos da actualidade podem dividir-se duma maneira geral, em dois grupos. Os da Saudade e os modernistas da Arte Pura... muito embora haja quem afirme que este ultimo grupo é também *saudosista* ou, pelo menos, *saudoso*... de Beleza na sua constante aspiração a novos ideais. (Mota Lopes 1934)

Esta interpretación introduce un novo elemento que hai que ter en conta para unha interpretación integral do que o neotrobadorismo supuxo na literatura galega dos anos trinta: a consideración da saudade como elemento principal e sustancial do ser galego-portugués.

O "Esquema da nova poesía galega" que A. M. Casas publica en *Nós* no ano 35, ademais de deixar constancia da grande admiración que o, nesta ocasión, crítico, sentía pola poesía de Cunqueiro, introduce matizacións interesantes aos criterios conforme aos que se avaliou a vangarda poética galega e os trazos que a caracterizaron, insistindo na oposición latente entre vangardismo e esencialidade galega na arte. Vexamos a súa valoración da re-lectura trobadoresca de Cunqueiro en *Cantiga nova que se chama ribeira*:

o seu [de Cunqueiro] temperamento de poeta deunos un libro no que a poesía nova conquiere unha categoría universal: "Cantiga nova que se chama ribeira" (1933), volvendo, sin perder a roita do futurismo, á máis requintada enxebreza. (Casas 1935: 120)

a súa obra [de Cunqueiro], a forza de purificarse, vai a caer na auténtica poesía galega dos Canzoeiros. (ibid.: 121)

as cantigas de Alvaro Cunqueiro siñifican no aitual renacemento da poesía galega, o cume limpo e craro, o abreinte da eterna enxebreza. (ibid.)

¿Que aprecia Casas neste libro de Cunqueiro? Creo non equivocarme se digo que, ante todo, que siga militando nas filas da vangarda ("sin perder a roita do futurismo") e, en segundo lugar, a súa "galeguidade" como valor engadido, isto é, que é posible ser escritor galego sen renunciar á linguaxe vangardista¹¹. Frente ao seu entusiasmo cunqueiriano, o seu xuízo da poesía de Bouza vai ser moito máis tépedo. Cre que non aportou nada novo, esencialmente, e incluírao nun "grupo de poetas de moitos méritos, que representan outra roita no renacer da literatura vernácula. Refírome aos que eu chamo poetas de evoluzón, que, co a sensibilidade propia da súa época, siguiron o camiño da tenre enxebreza" (ibid.: 122), grupo na estea de Amado Carballo, no que tamén engloba a Blanco Amor. Non significa isto que A. M. Casas non apreciase a poesía de Bouza pois tivera palabras moi eloxiosas para *Nao senlleira* na súa reseña para *El Pueblo Gallego*¹², considerándoo "Libro admirable, madurado en silencios de intenso fervor. Con estas páginas líricas, un gran poeta se levanta en el púlpito de nuestro renacimiento" (Casas 1933). Mais non por iso deixa de anotar algún elemento negativo por academicista, como a excesiva perfección do verso ou a "demasiada filología" que lle fai correr o perigo de ir parar "a ese rincón arqueológico de la poesía erudita" (ibid.). Non obstante, o aspecto que máis destacará nel será o seu "racismo poético", o seu "Sabor de poesía gallega, tan peculiar, tan adornada de calidades que se nos ofrece como la esencia del alma de la raza" (ibid.), isto é, o mesmo valor que destacan os seus restantes críticos.

Á negación da novidade na poesía de Bouza xa se anticipara Carballo nun artigo moi citado publicado en *Nós* no que postulaba un concepto non pechado do que é *novo* en poesía, e por tanto, abríndoo a outras posibilidades que non fosen as vangardas estricta e historicamente consideradas. Carballo tercia ao concederlle a Bouza a "soitaria estrela da orixinalidade" (Carballo, 1934) e despraza a cuestión, en todo caso, ao feito de que a poesía de Bouza non evolucionase sustancialmente desde 1926. Frente a este perigo de inmovilismo destaca a gloria de ser "unha poesía fundamentalmente galega" (ibid.: 147), "verdadeiramente nacional, como a do vate de Ponteceso, anque por máis puros e artísticos camiños. Nacional pol-o espírito, pol-a tradición, pol-o tema, chea de sensúalidade mol, de loura dozura" (ibid.).

Este camiño da enxebreza, da nacionalidade ou da "racialidade" —elemento nuclear da singularidade e da diferenciación do ser galego na teorización de Risco— pode explicar a inclusión, por parte dalgún crítico, de Bouza e Amado Carballo nun mesmo grupo (Carballo 1955), inclusión reforzada porque ningún dos dous poetas se aliñan no formalismo vangardista, a pesar do ton de novidade que a súa obra viña pór na lírica galega e mesmo da existencia de elementos que lles son comúns (López Casanova 1990: 30-31). Esta comunidade explica tamén que, en ocasións, encontremos xuízos que relacionan a poesía de A. Carballo coa lírica cancioneril:

O rechoucheiar dos cancioneros —as verbas teñen gosto de froito e de marisco— brinca pol-as escadas mariñas de versos sinxelos, carregadas pol-o arume salgado da onda cantareira e do piñeiral inzado a carón das roibas prayas. (*Nós* 43: 20)

Quizais este xuízo esté mediatizado pola presenza da natureza, tanto na poesía de Amado Carballo como na parte máis divulgada do cancionero medieval, sentimento da natureza tamén considerado característico do ser galego¹³. É certo que no

albor dos anos trinta non se podía facer a mesma apreciación da influencia dos cancioneiros nunha determinada poesía que a que facemos hoxe pois nin o coñecemento do *corpus* medieval era o mesmo nin os parámetros que a guiaban tampouco (quizais eran menos dependentes dos procedementos formais) e tampouco se situaban eses textos no conxunto de todos os que logo seguiron un mesmo ou parello camiño, como facemos hoxe. A galeguidade, a racialidade centraba en boa maneira a liña de apreciación da poesía inspirada no cancionero medieval ao tempo que foi o sinal co que se quixo distinguir a poesía nova non vangardista¹⁴.

Á vista do exposto, creo que se pode concluír que a promoción de Bouza e da súa poesía se fixo principalmente por supor a recuperación dunha tradición interrompida (a dos cancioneiros, xa que a popular fora recuperada, nun sentido diferente, por Rosalía), por ser unha solución nacional á necesidade de innovación na literatura galega. Como logo veremos, esta solución coincidía cos postulados ideolóxicos galeguistas, principalmente coas formulacións de V. Risco¹⁵.

A RECEPCIÓN DA LÍRICA TROBADORESCA

A recuperación dunha das tradicións literarias galegas, a lírica medieval, realizáda por Bouza, foi un dos factores que condicionou de maneira máis positiva a acollida da súa poesía. Se a posta ao día desta parte da literatura nacional galega foi tan apreciada, tamén foi obxecto de atención a tradición mesma, multiplicándose as iniciativas para divulgar tanto a existencia do *corpus* lírico medieval como dos propios textos que o integraban, e para incrementar o coñecemento que deles se tiña através do estudio e a investigación puntual de diversas cuestións. Do interese e da actividade suscitada arredor dos cancioneiros non está ausente en ningún momento a funcionalidade como argumento lexitimador que teñen para o pensamento galeguista en diferentes cuestións.

O interese pola lírica recompilada nos cancioneiros responde á necesidade de mostrar (e demostrar) a existencia dunha tradición literaria galega, dunha literatura galega *culta* —non se discutía nin a existencia dunha literatura galega popular nin a capacidade do galego para seguir vehiculando unha literatura de inspiración popular— que, ademais, naquel momento era a máis antiga lírica románica. Cumpría mostrar a existencia dunha tradición literaria galega con continuidade difundindo textos non só pertencentes ao período medieval, senón tamén á época dos Séculos Escuros ou do século XIX, para integrar a literatura actual nesa tradición, negando a anormalidade que lle achacaban os seus detractores á produción literaria en galego.

Desta maneira veremos como diversas publicacións van dar acollida nas súas páxinas a textos como o "Pranto da frota" de Fr. Benito Gerónimo Feijoo¹⁶ (*Céltiga* 77: 1) e, sobre todo, a un importante número de cantigas. Só a título de exemplo e sen ánimo de exhaustividade (nin cronolóxica nin no número de publicacións sinaladas) vexamos cal é a presenza do cancionero medieval en diferentes medios e que textos se escolman para a súa publicación.

A Nosa Terra publica xa en 1921 e durante todo o ano unha importante serie de cantigas: unha cantiga mariana de Afonso X ("Velloas poetas gallegos. Afonso X: como Santa Maria resucitou un meniño en Coira", *A Nosa Terra* 134: 2), "Ondas do mar de Vigo" de Martín Codax ("Velloas poetas gallegos. Martín Codax. S. XII-S. XIII. Cántiga", *A Nosa Terra* 135: 2), "As frores do meu amigo" ("Velloas poetas gallegos. Século XIII", *A Nosa Terra* 137: 3) e "Ay Santiago, padrom sabido" de

Chariño ("Vellos poetas gallegos. Segundo terzo do século XIII", *A Nosa Terra* 138: 7), "Amigo, quando me levou" (ibid.) e "Pel-o souto verdecente [sic]" de J. Ayras ("De Johan Airas (S. XIV). Pastorela", *A Nosa Terra* 143: 5), "A dona que eu am'e tenho por senhor" de Bernal de Bonaval ("Vellos poetas gallegos. Anterior ao 1250", *A Nosa Terra* 144: 7) e "O genete, pois remete" de Afonso IX [sic] ("Do pasado. Afonso IX de León (século XII)", *A Nosa Terra* 155: 2). Xa no ano 1924, J. J. Nunes publica "Unha Salve Rainha composta por Afonso X" (*A Nosa Terra* 206: 2).

Céltiga reproduce en 1926, baixo o rótulo "Cantiga de amigo", "Sedia m'eu na ermida de San Simón" de Meendiño (*Céltiga* 46); en 1927, co título "Barcarolas", "Ay, deus, sab'ora, meu amigo" de Martín Codax (*Céltiga* 55), co de "Cantigas do Maio", "Ben veñas Maio, e con alegría" de Afonso X (*Céltiga* 57)(17), co de "Cancionero", "Vistes madr'o que dizia" de Pero da Ponte (*Céltiga* 62), co de "Cantiga de amigo", "—De que morredes, filha, a do corpo velido?" de Dom Diniz (*Céltiga* 71) e en anos sucesivos (1928, 1929 e 1930) cantigas de Chariño, Afonso IX (en realidade son de Afonso X), Pero Vello de Tabeiros e Afonso do Coton, sempre na súa primeira páxina.

Xa na década dos trinta, diversas publicacións seguirán acollendo nas súas páxinas exemplos da poesía medieval galego-portuguesa. Tal é o caso de *A Fouce* de Buenos Aires que, a pesar de ser unha publicación de carácter marcadamente político, non literario, publica en 1930 unha "Canzón de amor" do Rei Afonso de Castella y Leon, unha "Cantiga profana" do Rey Sabio, unha "Canzón de bailada" de Joan Zorro, unha "Canzón de amigo" de Payo Gómez Charino e outra "Canzón de amigo" de Bernal de Bonaval (*A Fouce*)¹⁷.

A "Hojilla volandera del pueblo" *Resol* acolle nas súas páxinas diferentes exemplos do cancioneiro medieval galego-portugués. Co título de "Pastorela" publica "Oi hoxe eu unha pastor cantar" de A. Nunes (*Resol* 3), baixo o rótulo "Cantiga de Amigo" reproduce "En as verdes herbas" de Pero Meogo (*Resol* 3); no número que esta folla literaria adica a Portugal tamén se publican cantigas, de Dom Diniz ("De que morredes, filha, a do corpo velido?", baixo o rótulo de "Serranilha") e de Lourenço, jogar "Tres moças cantavam d'amor" baixo o título "Soláo" (*Resol* 7). Tamén nesta altura o xornal *El Pueblo Gallego* dará acollida nas súas páxinas ao cancioneiro medieval publicando, por exemplo, unha "Cantiga de amigo" de Pero Meogo (*El Pueblo Gallego* 2-2-1933). Incluso a revista católica *Logos*, publicará "Da vella roseira. Unha cantiga de Afonso X" (*Logos* 47: 94).

Destes poucos exemplos recollidos cumpre reparar, primeiro, en como o repertorio de autores é moi reducido, repetíndose con frecuencia algúns nomes (Chariño, Afonso X, Pero Meogo); segundo, na intención de que se identifique o xénero ou o tipo de cantiga á que pertence a reproducida (no caso de *Céltiga*, *A Fouce* ou *Resol*); terceiro, no predomínio absoluto do cancioneiro de amigo. Creo tamén significativo o caso de *Resol* que non era unha publicación de carácter literario convencional e estaba dirixida a un público máis amplo, pretendendo popularizar, no sentido máis estrito, a literatura e a poesía, que aínda así, acolleu nas súas páxinas en diversas ocasións cantigas medievais galego-portuguesas.

Como mostra da intencionalidade (e necesidade) de mostrar a literatura galega actual integrada nunha tradición literaria propia existen en diversas publicacións seccións onde se colocan xuntos poemas pertencentes a esa tradición e obras dos poetas actuais. Así as "Verba veterum" e as "Verba novarum" publicadas, cando menos nunha ocasión, pola *Gaceta de Galicia* de Vigo reproducindo o "Romance de Don

Duardos” de G. Vicente e o “Romance da coita miña” de A. M. Casas (*Gaceta de Galicia* 2), que, significativamente, se serve dun mesmo xénero para opor composicións de épocas distintas, un xénero ademais tradicional, que na literatura española coñece-ra a súa revitalización da man de Lorca, especialmente. Tamén *Rexurdimento* publicará nunha ocasión baixo o rótulo “D’uns e d’outros tempos. Duas poesías” unha “Cantiga de Macías para a súa amiga” (“¡Cativo! de mia tristura”) e “O paxariño. Madrigal” de R. Cabanillas (*Rexurdimento* 3).

Non se trataba tanto de presentar un caudal de textos que, cun criterio exclusivamente estético, puidesen ter o valor de “clásicos”, senón máis ben de mostrar a existencia dun número importante de exemplos literarios, valiosos pola súa mesma existencia, de significación histórica que, canto precedentes do discurso literario actual, si serían clásicos, independentemente da súa significación literaria. Ao problema da inexistencia estrita dun espazo de “clasicidade”, consecuencia da discontinuidade da tradición literaria galega, aproximouse Risco con meridiana claridade, resolvéndoo en clave positiva (a absoluta novidade de *toda* a literatura galega, nun tempo en que o “novo” era o valor fundamental de apreciación estética das letras), sen renunciar por iso a existencia dunha tradición literaria propia:

Todo é novo, en rigor, na literatura galega, hoxe e onte. Non temos clásicos atrás de nós. Os Precursores, en canto galegos, tiñan moito de primitivos: viñan abril-o vieiro. Rosalía foi nova de todo; resultou precursora do modernismo castelán e da pureza poética d’un Xan Ramón Ximénez. En Pondal hai o mais verdadeiro, o mais enxebre, o mais auténtico arcaísmo: mocedades aínda, e posterioridades por outra banda, com’a dos avanguardistas de hoxe. Moza é a literatura dos Canzoneiros —que ademais sómentes hoxe principiamos a asimilarnos. O período clásico por escelenza —do século XV ó XIX— foi estéril pr’as nosas letras. (Risco 1927)¹⁸

Mais, fóra da importancia que os cancioneros (e en xeral, a tradición literaria galega) tiñan como argumento lexitimador da existencia da produción literaria actual, estaba tamén a súa calidade de modelos lingüísticos que podían contribuir a resolver algúns dos problemas existentes para o escritor galego, así como a de argumentos que podían avalar determinadas posicións ante os problemas de unificación ortográfica e morfolóxica do galego que xa se viñan manifestando en diversas polémicas desde o século XIX¹⁹. Tanto os cancioneros como o *corpus* documental que se gardaba en arquivos diversos, pasaron a conformar o xenérico “textos medievais” aos que se podía acudir como fonte auxiliar nos diversos problemas que se plantexaban á hora de encher as lagoas criadas polos longos anos de preterición da lingua galega. Desta maneira, encontramos numerosos convites ao estudio e lectura dos textos medievais en medios ben diferentes:

Deben, pois, os cultivadores do idioma rexional inspirarse na leitura dos documentos galegos medievais, dos quaes agora publicamos os seguintes que atoupamos no arquivo. (López 1931: 9)

Hoxe o galego estano forxando escrusivamente os poetas, que por certo, escribeno millor qu’os prosistas, mais aínda antr’os poetas, non todos teñen o gusto depurado nen poseen o genio da lingua, como o posee, por eixemplo, antr’os modernos, Fermín Bouza Brey. Todos léemos canto podemos os documentos antigos, mais compre que se nos deprenda a léelos ben. E tamén compre escoitar ao pobo. (s/a 1933 b)

Así mesmo a existencia de testemuños documentais funciona en ocasións como defensa fronte aos detractores do uso do galego que acusaban aos seus defensores e usuarios, ben de invención lingüística, ben de non utilizar o galego, senón o portugués. Por exemplo, A. Villar Ponte verase na obriga de contestar a puntuais acusacións desta índole:

Luvás, é verba galega e ben galega. Atópase en moitos dos nosos documentos antigos. Pro si inoran esto tódol-os castelanistas, o máis triste aínda é que o inoran asinmismo moitos portugueses cultos [...] Xa no século XII chamábaselle en escritos galegos luvás ôs guantes. Pois como con esa verba ocorre con moitas mais. Os castelanistas cóidannas [sic] portuguesas e os portugueses supónennas extranxeirismos. (Villar Ponte 1931: 1)

Algo semellante acontecera cando desde as páxinas de *A Nosa Terra* se replicaba ao xornal coruñés *El Noroeste*, que criticara o nome da asociación musical "Toxos e frores", "puesto que flor en el dialecto regional se dice *carabel*", autorizando o seu emprego con "aquela barcarola de Gomes Charino" da que cita os seus primeiros versos "As frores do meu amigo/ Briosas van no navío/ E vánse as frores/ D'aquí ven con meus amores...". (*A Nosa Terra* 18: 7)

Non faltaron tampouco as alusións aos cancioneiros, non xa para lexitimar a ortografía etimolóxica²⁰ senón, o que resulta máis extraño, para atacar esa opción, baixo a acusación de estar restrinxindo o seu potencial público, como fai o anónimo reseñista de *Nó de saloucos e bágoas*:

Tocantes á grafía empregada pol-o autor, estéticamente non hai reparo que lle por. Os poemas campan co-ela coma páxinas dos Cancioneiros[...] ten que ter conta que non escribe somentes pr'os doutos. (*Nós* 1: 19)

Moitas destas reproducións de cantigas medievais teñen lugar antes da publicación das edicións de Nunes; por tanto, o interese polos cancioneiros e o seu coñecemento puntual non ven dado pola divulgación destas edicións xenéricas, contrariamente ao que se ten afirmado (Hernández 1974: 114; Vázquez 1980: 838; Justo 1981: 86). Non se debe esquecer que existían outras edicións, decimonónicas, dos cancioneiros italianos ou que Carolina Michaëlis publicara, nos comezos do século, a súa edición crítica do cancionero da Ajuda, e que nunca houbo unha desconexión total do mundo cultural galego a respecto da investigación e difusión da lírica cancioneril. Ademais das edicións, outras publicacións, de máis ampla difusión, permitían a lectura, aínda parcial e con dificultades, do cancionero medieval galego-portugués, como a ampla escolma realizada por A. de la Iglesia para *El idioma gallego* ou, xa no século XX, unha pequena parte do apéndice antolóxico da *Literatura gallega* de Carré Aldao²¹. Incluso antoloxías globais da poesía galega, como a realizada por E. López Aydillo no ano 1914, inclúen xa aos poetas medievais nas súas páxinas, concedéndolles un xeneroso espazo²². Tampouco convén perder de vista que existían obras ao alcance dun público medio culto que proporcionaban unha interesante información global sobre a poesía trobadoresca galego-portuguesa ademais de reproducir a título de exemplo algunhas cantigas, enteiras ou fragmentadas, como a *Historia de la poesía castellana en la Edad Media* de Menéndez Pelayo, publicada nos anos 1911-13, que dedica case a totalidade do seu capítulo IV á poesía dos cancioneiros da Vaticana e Colocci-Brancuti.

Así pois, podemos dicir que houbo un consciente esforzo divulgador da lírica cancioneril, dentro dos limitados medios dos que se dispuña, cunha clara finalidade tanto de achegar ao público estes textos a través da súa lectura como de demostrar con exemplos palpables a existencia real dunha tradición literaria galega. Estes esforzos tamén callaron en iniciativas diversas que pretendían a realización de edicións asequibles dos cancioneiros, tanto no aspecto material e económico como científico-cultural, de maneira que se superasen as dificultades de lectura e comprensión que un lector non iniciado podía ter. Hai que destacar que a maior parte destas iniciativas surxen antes da publicación das edicións de Nunes, o que indica a existencia de persoas que ademais de ter un grao de coñecemento suficiente da lírica medieval para acometer esa empresa, dispuñan dos medios materiais (as edicións dos cancioneiros) para poder realizalas. Se a idea persiste despois da divulgación das edicións de Nunes, débese tanto a non se ter realizado antes como á pretensión de chegar a un público distinto daquel que xa accedera ás obras do estudioso lusitano. Xa *Nós* en 1925 suxire a importancia que tería a realización de "edicións populares [d]o *Sendo-Turpín*, a *Crónica Troyana*, os *Canzoneiros*, e outros antigos moimentos da nosa língoa" (*Nós* 23: 16). Pola mesma época surxe unha iniciativa semellante, agora non vinculada á revista *Nós* senón á non menos importante no panorama cultural daqueles anos *Ronsel*. Por unha carta que Evaristo Correa Calderón dirixe a X. V. Viqueira sabemos hoxe desta intención que non tivo froito:

Tambem queríamos publicar uma antologia de Poetas dos Cancioneiros, n-uma Edição Economica Ronsel, em papel ruinho [?] para podel-a vender a 25 centimos ao sumo. Naide mais indicado que voste-de para facil-a, ponhendo prólogo e notas súas. Digame que aceita, e levarei uma grande lelicia. Dende logo, se vosté aceitara, comence ajinha a selección²³.

É significativo que sexa precisamente Viqueira, autor dunha das primeiras composicións que coñecemos directamente inspiradas no cancionero medieval, o destinatario desta petición de Correa Calderón, mais tampouco resulta extraño se temos conta de que era unha das figuras senlleiras do pensamento galeguista e do maxisterio intelectual que exercía sobre as xeracións máis novas. Aínda que non coñecemos ningún escrito seu que evidencie o seu coñecemento específico da lírica medieval si sabemos da súa familiaridade con ela pola existencia dunha antoloxía de poesía galega (inérita e manuscrita) da súa responsabilidade, na que incluíu composicións do cancionero trobadoresco galego-portugués²⁴.

Aínda dez anos máis tarde, en 1934, novas voces como a de Johan Carballeira, volverán facerse eco dunha iniciativa semellante, destacando a necesidade de:

outra faena adxetiva pero imprescindibel: edicions, comentadas e populares, dos Cancioneiros; edicions, do mesmo xeito, dos nosos poetas da centuria derradeira, e no posibel, traduccions de obras extranxeiras de cotización universal. (Carballeira 1934: 1)

Ou, o que é o mesmo, a divulgación da lírica cancioneril dentro dun programa xeral de promoción das tradicións literarias propias (na procura de chegar a un público amplo) e de posta ao día da literatura galega (e do público lector galego e en galego) a través do seu contacto co mellor das literaturas estranxeiras —o exemplo a seguir que sinala é a tradución fragmentaria do *Ulysses* realizada por Otero para *Nós*. É curioso constatar como a pesar dos dez anos transcorridos entre unha e outra iniciativa seguía sentíndose a mesma necesidade de espallamento desta lírica, a pesar de que

o coñecemento xeral sobre ela era moito máis grande e de que mesmo xa se tiña publicado algunha antoloxía (aínda que non especificamente sobre o período medieval) neste intervalo, como a de Álvaro de las Casas²⁵.

Mais os esforzos non estiveron só da parte da divulgación senón tamén da investigación, de maneira que xa desde comezos de século podemos ver (e ler) os froitos dalgúns achegamentos individuais, nalgún caso tamén isolados, á lírica cancioneril, xa globalmente, xa a través do estudio de cuestións puntuais relacionadas con ela que, a partir da fundación do Seminario de Estudos Galegos, van articularse en torno a grupos de traballo e tomar un cariz máis filolóxico, sen perder a perspectiva histórica e, sobre todo, profundamente galega.

De entre os traballos pioneiros en tratar temas específicos da lírica cancioneril que viron a luz separadamente, en forma de libro ou de folleto, hai que sinalar o clásico de M. Murguía *Los Trovadores gallegos*, publicado en 1905, ou o non menos clásico de E. López Aydillo, publicado en 1923, *Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas*, ambos realizados desde unha perspectiva histórica. Tamén cabería aquí facer referencia aos traballos de V. Said Armesto, desde a súa colaboración na edición do pergamiño Vindel á elaboración dun "Estudio crítico e histórico de los poetas de los cancioneros de la Vaticana, Baena y Ajuda", que non chegou a publicarse²⁶.

Pero boa parte dos traballos realizados en Galicia sobre a lírica cancioneril viron a luz en diversas publicacións periódicas, fundamentalmente en dúas: *Nós* e o *Boletín de la Real Academia Gallega*. No primeiro publicaron os resultados dos seus traballos e investigacións membros do Seminario de Estudos Galegos, xa que durante algún tempo (ata a fundación dos *Arquivos*) funcionou en certa maneira como órgano publicitario da institución. Pola contra, no *Boletín* destaca o feito de que as máis importantes colaboracións sobre este tema se deban a autores foráneos. Dase a coincidencia de que todos estes traballos de tema cancioneril aparecen, tanto nunha como noutra publicación, preferentemente na década dos anos vinte.

Ademais da publicación dalgúns estudos que a continuación reseñaremos, encontramos no *Boletín de la Real Academia Gallega* (BRAG) o puntual seguimento da investigación que noutros lugares se realizaba sobre os cancioneros. Disto é proba a aparición dunha noticia "Importante descubrimiento. Sobre o pergamiño Vindel" (BRAG VII: 320), que dá conta da descuberta do rótulo co texto e a música das cantigas de Martín Codax, a posterior reseña bibliográfica de E. Carré Aldao deste traballo (BRAG VIII: 205) ou do opúsculo de Carolina Michaëlis sobre a edición do pergamiño Vindel (BRAG IX: 163). De entre os traballos de investigación destaca o publicado en 1917 por Eladio Oviedo y Arce, "El genuino Martín Codax, trovador gallego del siglo XIII", que aproveitando a coxuntura da descuberta e difusión do pergamiño Vindel ofrece unha edición do texto que tenta de despoxalo dos elementos de lusitanización que introduciran os seus editores portugueses (27). No ano 1919 ofrecerá J. J. Nunes un traballo sobre "Don Pero Gomez Barroso, trovador portugués do século XIII" (BRAG XI: 265-268; 321-325) que é, fundamentalmente, unha edición das súas cantigas. No ano 1925 o mesmo autor publicará un traballo xenérico sobre o "Cancioneiro Colocci-Brancuti" (BRAG XIV: 211-16; 236-40; 286-91). No ano seguinte ve a luz nas páxinas desta publicación o traballo de Manuel Amor Meilán "El trovador Pedro de Ver no fué bearnés sino lucense", con datos sobre a biografía do poeta que testemuñan a súa galeguidade (BRAG XV: 46-50). A derradeira colaboración do profesor Nunes neste *Boletín* é do ano 28 cun traballo sobre a cantiga de Golparro dedicada a San Treeçon (V 872, B 1266) (BRAG XVII: 201-205).

Canto ao boletín da cultura galega *Nós*, hai que destacar os traballos de Xosé Filgueira Valverde, por ser quen máis veces trata, desde perspectivas diversas, cuestións relacionadas co noso cancionero medieval. Desde o cancionero mariano do rei Sabio, do que unha das súas cantigas foi logo obxecto da súa tese de doutoramento, a mesma pola que xa se interesa en 1925 (*Nós* 21: 4-5; *Nós* 22: 2-3) ata traballos de tipo temático como "A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana", lido no Seminario de Estudos Galegos en novembro do 24 (28), ou traballos sobre a obra poética de autores individuais como "Sobre as cantigas de Martín Codax" (*Nós* 92: 134-135), sen deixar de ocuparse da divulgación de textos cancionerís a través da escolla daquelas cantigas relacionadas coa cidade do Apóstolo para o "Cancioneiriño de Compostela" (*Nós* 103; *Nós* 104). Mais tamén acollerán as páxinas de *Nós* outros traballos sobre os nosos trobadores medievais, algúns obra de autores reincidentes no estudio do lirismo medieval, tal Cotarelo que publica neste boletín "Encol do nome de Martín Codax" (*Nós* 109: 2), sen dúbida un dos trobadores que máis interese despertou e máis tinta fixo correr neste período; outros, de autores nos que este achegamento á poesía trobadoresca galego-portuguesa foi máis ocasional pois só coñecemos sobre o tema estes traballos, como o de carácter editorial "Do Cancioneiro Colocci-Brancuti. Cantigas de Nuneannes Cerseo restituídas por Manoel Fuentes Canal" (*Nós* 15: 10-11) ou o de carácter temático-xenérico de Magariños Negreira sobre "Alfonso do Coton, humorista" (*Nós* 33: 12-13).

Mais *Nós* tamén colaborou a manter informados aos seus lectores dos avances na investigación sobre a poesía galego-portuguesa a través da reseña puntual das publicacións que os recollían. Así, aparecen breves comentarios ou reseñas sobre os traballos do profesor Rodrigues Lapa como *O texto das cantigas d'amigo* (*Nós* 78: 120) ou *Das orixens da poesía lírica em Portugal na Idade Media* da que se chegaron a publicar ata tres reseñas, da autoría de R. Otero Pedrayo (*Nós* 82: 208), V. Risco (*Nós* 109: 16-17) e P. Pedret Casado (*Nós* 119: 232-234).

O interese polas cantigas medievais chegará mesmo a que publicacións en principio lonxe do tratamento de temas literarios, como o boletín católico *Logos*, acollan nas súas páxinas diversos traballos sobre o cancionero medieval, aínda que ocupándose de aspectos relacionados coa orientación relixiosa desta publicación como o de Fr. Gumersindo Placer "A espiritualidade dos Cancioneiros" (*Logos* 32: 132-34; *Logos* 35: 187-190; *Logos* 42: 80-83; *Logos* 43: 100-103), para o que utiliza a edición diplomática de Monaci do cancionero da Vaticana. Nel ocúpase das coñecidas como cantigas de romaría e interésase tamén por calquera mención mariana, dentro dunha interpretación global do fenómeno cancioneril no marco da importancia do culto xacobeo na época e na mobilidade que provocou. Como nas restantes publicacións ás que vimos facendo mención, tamén en *Logos* encontramos as reseñas de actualidade dos traballos publicados sobre a lírica medieval, na súa sección "Bibliografía", como as de *Cantigas de Martim Codax, presumido jogar do século XIII* (*Logos* 8) e "Los hermanos Eans Mariño, poetas gallegos del siglo XIII" de Cotarelo (*Logos*)²⁷. Tampouco podemos deixar de mencionar a contribución desta publicación a un mellor coñecemento da nosa lingua, a través da edición constante de series de documentos medievais por parte do P. Atanasio López, outro dos relixiosos (como López Ferreiro ou Oviedo y Arce) que contribuíron co seu traballo ao desenvolvemento da paleografía no noso país.

Este interese pola lírica medieval galego-portuguesa está tamén relacionado co impulso que reciben os estudos sobre a lingua galega (e, consecuentemente, a literatura como expresión de máxima elaboración da lingua) a raíz da fundación do Semi-

nario de Estudos Galegos, tanto polos traballos que o Seminario emprende nas súas diferentes seccións (principalmente na de Filoloxía) como polas actividades que, xa institucionalmente, xa por iniciativa dos seus membros, promove. Neste sentido, hai que ter conta de que o traballo que sobre os cancioneiros se podía desenvolver conectaba, necesariamente, a indagación lingüística coa filolóxica e a literaria, que xa non é que se desenvolvese na Universidade desconectada da realidade galega, senón que simplemente non existía. Loxicamente a imposibilidade de adquirir no noso país unha formación universitaria de base non axuda nin a crear investigadores nin a organizar grupos de traballo, co cal cobrou maior importancia o labor de guía que realizaban os directores da sección²⁹.

Desta maneira, para suplir tanto as carencias da Universidade como as do propio Seminario, surxirán deste pequenas iniciativas que intentan suscitar o interese polo estudio científico do galego como o curso de fonética galega a cargo de Luís Tobío (*Nós* 35: 10) ou os contactos co *Romanische Seminar* de Berlín para organizar un curso de Filoloxía Románica e "preparal-os socios do Centro que s'adican a taes estudos" (*Nós* 94: 91). Resultado destes contactos foi a vinda a Compostela (*Nós* 98) do doutor Reisekron, mercede á colaboración entre o Seminario e a Universidade, para explicar un curso de Filoloxía Románica. Da importancia que o Seminario lle quixo conceder aos estudos filolóxicos é mostra que se anuncie o propósito de "acometer n-iste senso labours de suma importancia, antr'outras a do atlas lingüístico de Galicia" (*Nós* 94: 195), ademais da procura, desde o inicio dos seus traballos, do contacto puntual con investigadores que traballaban sobre a nosa lingua, tal o caso de M. Spöner³⁰. En liñas xerais pode dicirse que o interese polo traballo filolóxico e o desexo de potencialo foi unha das constantes do Seminario, aínda que non se lograsen neste terreo os froitos máis espectaculares. Proba disto é que, aínda en 1934, hai un acordo da reunión plenaria desta institución:

En cuanto a los trabajos filológicos, el Seminario ha acordado que la sección correspondiente procure intensificarlos, apelando incluso a la colaboración de elementos del Romanisches Seminar de Hamburgo si se creyese preciso. (*El Pueblo Gallego* 19-5-1934: 9)³¹

Quizais non houbo tempo a que estes proxectos se convertesen en realidade, xa que os traballos que en Filoloxía (na acepción ampla do termo) realizou o Seminario foron máis resultado do traballo individual de, por exemplo, Cotarelo, que traballos de alcance realizados colectivamente.

Armando Cotarelo Valledor foi presidente da sección de Filoloxía desde a fundación do Seminario —que tamén presidiu— ata 1928. A pesar da importancia do seu traballo nesta institución, cremos que foi moito máis decisivo o que realizou desde a cátedra e, sobre todo, a súa dedicación particular ao estudo de poetas dos cancioneiros, plasmado en diversas publicacións³². A comunicación dos resultados dos seus traballos aos seus discípulos, consecuencia da súa xenerosidade científica, poría a estes en contacto co noso lirismo medieval (Martínez López 1984: 28), mesmo en datas tan temperás como 1906 se temos en conta o testemuño de Otero Pedrayo:

Riba da mesa temos o programa ô qu'axustaba suas sabias ensiñanzas o ilustre Dr. Cotarelo, na Universidade, aló pol'o ano seis. N'il figura un grupo de leucíos adicadas â nosa literatura medieval e moderna deica ô derradeiro valor d'entón. (Otero 1930)

Este labor divulgador prolongouse, sen saír do ámbito universitario, máis aló das súas aulas, pronunciando conferencias como a inaugural dun ciclo organizado pola Federación Universitaria de Estudiantes (FUE) no curso 1930-31 co título "Los cancioneros gallegos de la Edad Media" (*El Pueblo Gallego* 2-11-1930: 1).

Do labor concreto que Armando Cotarelo realizou na sección de Filoloxía do Seminario non fun capaz de encontrar noticias concretas, fóra do testemuño de Filgueira Valverde que sinala a impartición dun curso sobre "As orixenes [sic] do galego" e o traballo "sobor do avencellamento popular da lírica do medievo e sobre as fontes e derivacións das *Cantigas* de Alfonso X" (Filgueira 1978: 35), aínda que probablemente foi tamén o impulsor directo —e quizais o seu realizador único— doutras iniciativas que recolle a prensa da época tal a preparación "[d]unha edición das *Cántigas* de Payo Gómez Charino [sic] en ortografía moderna" que *Céltiga* atribúe á "Seizón de literatura" do Seminario (*Céltiga* 53) ou a máis difusa sobre a intención da mesma institución de realizar unha edición galega do Colocci-Brancuti (*Nós* 24: 18), edición da que non volvimos encontrar rastro algún.

Tras a marcha de Cotarelo a Madrid o labor do Seminario continuou, dividíndose, en 1933, a sección de Filoloxía nunha sección de Filoloxía propiamente e outra de Historia da Literatura, presidida por Filgueira Valverde, quen ademais foi o encargado de elaborar un manual de "Historia da Literatura Galega" que non chegaría a publicarse³³.

Dos datos expostos pódese deducir facilmente que o interese que despertou a lírica dos cancioneros medievais e a actividade que o seu estudio e divulgación xerou foi notable e non estivo determinado polas edicións xenéricas de Nunes, a pesar de que estas fixesen máis accesible a súa lectura —tanto pola posibilidade de adquisición, como pola facilidade que a edición outorgaba á lectura. Ademais a noticia da publicación das edicións de Nunes non a tiña só un círculo de iniciados no traballo filolóxico, senón que apareceu nun medio de tanta difusión no ámbito galeguista como o periódico *A Nosa Terra* que reseñou puntualmente a aparición dos diferentes volumes das *Cantigas d'amigo*³⁴. Por isto resulta tanto máis extraño que críticos e historiadores da literatura galega den unhas datas vagas ou inexactas tanto da publicación destas edicións como da súa repercusión no noso país. En consecuencia, non se pode seguir sostendo a relación causa-efecto entre a publicación destas edicións e a composición de poesías que recrean os modos da lírica trobadoresca, non xa porque a existencia de precedentes na orde cronolóxica o desmente, senón porque existían outros medios para coñecer, ler e disfrutar da poesía dos trobadores que os homes do Seminario e os seus contemporáneos non desaproveitaron.

No caso concreto de Fermín Bouza Brey acostuma a verse como determinante do seu interese polo mundo dos cancioneros a súa vinculación co Seminario e co maxisterio que nel exercía Armando Cotarelo. Máis a amizade de Bouza con Cotarelo era moi anterior á fundación do Seminario (Bouza actuara de intermediario para solicitar a participación de Cotarelo nesta empresa), pois, por exemplo, a súa colaboración en *Ultraya*, a revista que Cotarelo patrocinaba, iniciábase no ano 1919 (VV. AA. 1992: 315). O ano anterior Bouza Brey comezara Filosofía e Letras (sección Historia), na que Cotarelo impartía aulas no primeiro curso, iniciándose xa por estas datas a súa amizade. A familiaridade temperá de Bouza coa lírica medieval trobadoresca é avalada tamén polas palabras de Filgueira Valverde, compañeiro seu na fundación do Seminario de Estudos Galegos:

Penso que el e máis eu fomos os primeiros escolares que manexamos o *Cancioneiro da Vaticana* que fora donado por Vesteiro Torres. (VV. AA. 1992: 16)³⁵

Nós, os do SEG, o que usamos e aprendemos de memoria moitas cousas que nel viñan, foi *El idioma gallego* de Don Antonio De La Iglesia, libro que eu xa coñecía moi ben porque fora alumno en Pontevedra de Don Alfredo De La Iglesia. (Salgado 1992: 130)

Desta maneira creio que se pode concluír que o contacto de Bouza cos nosos poetas medievais non dependeu do coñecemento das edicións de Nunes nin tampouco doutras circunstancias ocasionais.

Contamos tamén co propio testemuño (indirecto) de Bouza sobre como trabou coñecemento coa poesía dos cancioneros. Interrogado a este respecto por Ramón Piñeiro a petición de W. M. Davis respondeu que as súas lecturas iniciais da lírica cancioneril as realizara na antoloxía de Carré, nos Cancioneiros (supomos que se refería ás edicións paleográficas decimonónicas dos apógrafos italianos) e nas antoloxías de Nunes³⁶.

Finalmente, nun dos seus primeiros poemas, "Canto a Galicia" (1922), refírese aos cancioneros, aínda que sen facer mencións específicas (agás a Macías e Afonso X, os poetas medievais por antonomasia na tradición crítica galega precedente), nin mostrar a pegada da súa lectura na concepción da composición poética, co cal as súas noticias podían ser vagas e de carácter xeral ou non responder a lecturas concretas:

¡Na fronte unha alba estrela...! ¡Bardos celtas! ¡Permeiros poetas! ¡Precursores dos grandes Cancioneiros que son roseira inxente de eterna froración! N-eles reises, señores, clérigos e guerreiros son brilladores astros dunha constelación. (Bouza 1981: 162)

A FUNCIONALIDADE IDEOLÓXICA DA LÍRICA MEDIEVAL

O interese pola lírica cancioneril obedeceu non só á súa potencialidade lingüística e/ou literaria, senón tamén a ser un produto obxectivo que se adecuaba perfectamente á demostración da validez da reconstrución da historia galega realizada polo nacionalismo, á par que proporcionaba argumentos para a súa defensa. Os cancioneros viñan concretizar e exemplificar os caracteres propios e distintivos da nación galega³⁷, pois non só eran un documento lingüístico de primeira orde (e non se pode esquecer a centralidade da lingua na teoría nacionalista galega), senón que recollían tamén as características máis importantes do espírito galego —das que o lirismo era unha das máis sinaladas. Ademais a Idade Media, época de florecemento da lírica cancioneril, é tamén o momento de conformación definitiva e plenitude deses rasgos que distinguen á nación galega, co cal se acrecenta o seu rendemento como argumento ideolóxico.

En boa medida, a teorización nacionalista sustentábase no intento de reconstrución histórica do esplendor (político e cultural) que Galicia perdera. A perda producírase tras a Idade Media, que se converte nun período histórico mítico, nunha especie de paraíso perdido. Así, non debe sorprendernos encontrar comparacións entre o momento presente e a lírica cancioneril medieval, buscando o referente mítico do esplendor actual (Blanco Amor 1928, por exemplo).

Se nos queremos ater ao plano exclusivamente literario, non estaría de máis apuntar a posibilidade de reinterpretar un fenómeno como o neotrobadorismo, que encaixa a perfección no medievalismo dos nacionalismos orgánico-historicistas, para demostrar a posibilidade de facer presente (e futuro) o pasado (literario) sen renunciar a unha certa modernidade, á par que, en razón disto, conseguir unha alternativa literaria nacional, *enxebre*, fronte a outras tendencias literarias claramente inmobilistas (o ruralismo) ou consideradas alleas (os movementos de vangarda). A lírica cancioneril era tamén testemuño das afinidades que se detectaban con Portugal (ou parte de Portugal), por oposición a Castela, na definición dos atributos característicos (lirismo, saudade) da nación galega, polo que en ocasións esta se converte en nación galego-portuguesa, conversión xustificada ademais por unha parte común de historia, precisamente aquela na que se configurou a nación como tal, unitaria, logo rota. Por iso non é de extrañar a busca da relación e intensificación de contactos co mundo portugués, principalmente co núcleo saudosista, que coincidía cos postulados nacionalistas galegos (risquianos) nunha lectura espiritualista do ser galego-portugués, identificado principalmente pola saudade, que orientaría ambos os pobos cara un pasado común, máis que tamén se podía transformar en arma de futuro, como acontecía na formulación de Risco (G. Beramendi 1981, 1: 136). Neste sentido hai que ter presente que o neotrobadorismo fora ensaiado, moito antes que por poetas galegos, por un dos máis destacados poetas do núcleo saudosista, Afonso Lopes Vieira, moi presente nas páxinas das publicacións galegas deste período³⁸.

Antes de tirar conclusións sobre esta posible interpretación do neotrobadorismo, creo necesario repasar, de forma breve mais tamén significativa, o sentido con que aparecen incrustadas as referencias aos cancioneros en diferentes discursos de reivindicación nacionalista³⁹.

Un dos primeiros exemplos da lectura intencionalmente nacionalista da lírica cancioneril témo-lo nun par de artigos que Xavier Montero publica en *A Nosa Terra* onde considera a poesía dos cancioneros como exemplo dos atributos do ser galego, xa que unha das súas características principais era o lirismo, que, na oposición característica entre Galicia e Castela, establecida non xa por parte da ideoloxía galeguista senón da historia literaria convencional, definía a Galicia (exemplificado nos cancioneros) mentres Castela se caracterizaba polo carácter épico (exemplificado no *Poema do Cid*):

Nesa segunda metade [do século XII] os poetas galegos eran a manifestación mais vigorosa do espírito galiciano. Aquel poeta crego que se chamou Ayra Núñez, escribía xa estonces os seus poemas de amor e de filosofía que son os que mais se aparruñan co senso filosófico de Galicia. (Montero, 1920 a: 6)

Era baruda a nosa civilización da Edade Meia. Tan baruda que o lirismo galego co as restantes manifestacións literarias de Galicia fixo trocar o espírito castelao [...] Aquela literatura influíra tanto no pensamento castelao que a personalidade épica de Castela transformouse en unha personalidade lírica por obra dos poetas dos séculos XII, XIII e XIV e en personalidade novelesca por que o Amadis de Gaula meteu a Castela polos camiños dese xénero literario. (Montero 1920 a: 7)

Se queremos afondar na definición esencial do carácter galego polo seu lirismo, debemos considerar o pensamento de X. V. Viqueira. Na súa conferencia "Divagacións enxebristas", pronunciada co gallo da exposición Castelao de 1920, fai un cha-

mado aos artistas galegos para que desenvolvan a súa obra de acordo coa alma do seu pobo:

a historia fala sempre en favor do artista que comprendeu o seu propio ser ou o artista de raza. (Viqueira 1920: 4)

ser que viña de explicar onde se encontraba:

Nesto Teixeira hachou na alma de Portugal, como eu na alma de Galicia (máis próximas a unha da outra do que se cre) como elemento predominante o lirismo. (Viqueira 1920: 1)

Estas premisas sérvenlle para concluír a necesidade de que ese elemento lírico sexa cultivado en Galicia, pedindo que se siga o exemplo portugués de Sardinha e Lopes Viera, dado que a poesía dos cancioneiros lexitimaba a existencia dese lirismo propio á vez que común:

Todos sabedes que durante a Idade Media fumos os líricos da Península que até os poetas castelás escribían no noso idioma a súa lírica. (Viqueira 1920: 2)⁴⁰

A referencia ao mundo lírico trobadoresco galego-portugués non é incidental como se podería comprobar noutras citas. Os cancioneiros pasan a considerarse símbolo e exemplo da cultura galego-portuguesa, existente por estar conformada por un *espírito* común definido polo lirismo e a saudade como características esenciais. Non é de extrañar que, á par do lírico, se sinalase tamén a presenza do elemento saudoso no cancionero medieval⁴¹. Con todo, son máis frecuentes as alusións xenéricas á comunidade espiritual galego-portuguesa, do tipo das realizadas por V. Risco na velada necrolóxica en honra de Carolina Michaëlis organizada polo Seminario de Estudos Galegos recollidas en *Nós*:

O Sr. Risco fixo notar como o tempo da nosa literatura que Carolina Michaelis fixo revivir nos seus estudos, foi o tempo da cultura común galaico-portuguesa, e que volver a aquela comunidade espiritual foi dand'ó comenzo a arela dos traballadores da nosa actual renascencia, obra que compre seguir. (*Nós* 28: 13)⁴²

As mencións aos cancioneiros como exemplo dun pasado (só literario?) común a Galicia e Portugal, sobre todo cando se realizaban nun contexto de análise de relacións presentes e futuras, tiñan unha clara intencionalidade ideolóxica, xa se fixesen desde un ou outro lado da raia. *Nós* refírese aos cancioneiros nun discurso claramente ao servizo dunha teoría cultural que sustente a individualidade galega na semellanza con Portugal:

Nós, órgao da cultura enxebre proclama outamentos o valor universal celto-atlántico da cultura galaico-lusitana, que foi unha soia na época gloriosa en que s'escribiron os *Cancioneiros*, a *Crónica de Turpin* y a *Demanda do Santo Graal*. ("Portugal e Galizia", *Nós* 2: 8)

Na vinculación galego-portuguesa a través da cultura medieval insisten a reseña de *Adoração* de L. Coimbra (*Nós* 7: 19) que menciona explicitamente os cancioneiros, as cantigas de amigo e o trobador M. Codax a propósito da tradición lírica amorosa en galego-portugués. Tamén grande parte das reseñas de libros portugueses aparecidas por estas datas no noso país teñen como referencia case obrigada a común cultura galego-portuguesa da época dos cancioneiros. A súa mención como elemento repre-

sentativo, no artístico, das características definitorias do espírito galego encontrámo-la nos lugares máis dispares:

Que ese espírito, o espírito dos nosos vellos —jou Fustel de Coulanges!— é o eternal espírito, amostrador da moderna teoría da herencia psicolóxica, que ispirou, cecais o credo priscilianista e os versos de Ayres Nunes e as arelas dos irmandiños. (Villar Ponte 1924: 9).

Por parte portuguesa, tamén había intencionalidade ideolóxica nas mencións á lírica cancioneril na perspectiva das relacións coa Galicia, e non sempre no nivel da tópica referencia retórica. Así o interpreta X. M. Núñez Seixas:

Galicia é vista máis como unha señardade de tempos "perdidos" entre brétemas de saudade [...] que como unha efectiva parte dun *Volkestum* portugués alén das fronteiras [...] entre os integralistas soamente se poden atopar algúns ecos en A. Lopes Vieira e mesmo Antonio Sardinha, de quen se deu a coñecer postumamente no 1935 a súa obra *Nacionalismo galego e lirismo portugués*. Nesta obra Sardinha sobrevaloraba a dimensión espiritual sobre a política, e cifraba no lirismo dos cancioneros unha das pedras angulares dos nacionalismos portugués e galego. (Núñez Seixas 1992: 66)

Así pois, as referencias aos cancioneros non son alusións líricas senón que, maioritariamente, se inseren no discurso nacionalista (no galego, pero tamén no portugués) cunha funcionalidade clara. A lírica trobadoresca constitúe un referente simbólico fundamental do que foi (e pode ser) a comunidade galego-portuguesa, por exemplificar os elementos comúns que se consideran definitorios e individualizadores desta comunidade, como o lirismo ou a saudade.

Da presenza na argumentación nacionalista galega dos cancioneros como factor de lexitimación é sintomático (aínda que en certa forma tamén anecdótico) este fragmento dun artigo de Otero Pedrayo que amosa a apreciación superficial dos elementos constitutivos e máis caracterizadores do galeguismo, realizada por unha mente allea e hostil (a dun señorito):

Paisaxe incomparable, no vrán, a galega. Na aldea estaríase ben s'houbiera sociedade. Transixe c'o turismo. E cousa elegante. Mais ¿a que veñen co-a lingoa e c'a raza, co celtismo e cos castros, c'os canzo-neiros, i-o portuguesismo? (Otero 1930)

Non debe extrañar pois, que cando F. Fernández del Riego fai un inventario da actividade do movemento cultural galego en 1933 se refira á poesía neotrobadorista (na que engloba a Bouza e a Cunqueiro) co seguinte epígrafe:

Poetas que retornan ao primitivo senso lírico dos cancioeiros, para con mais seguranza seguir a roita emotiva da i-alma da raza. (Del Riego 1933: 226)

O ensaio dunha poesía de recriación da lírica trobadoresca debía de remitir inevitablemente á comunidade histórico-cultural galego-portuguesa e aos seus elementos definidores. O que é difícil de establecer é se a existencia do neotrobadorismo como tal tiña unha intencionalidade real de resucitar, vía estetizante, os trazos desa comunidade galego-portuguesa ou se se ensaiaba ao abeiro dunha ideoloxía concreta, máis ou menos inspirada no saudosismo lusitano. No caso de Bouza Brey temos elementos que nos poñen de manifesto a súa familiaridade coa obra dos saudosistas ao tempo

que coñecemos tamén algún texto onde abordou cuestións relacionadas coa saudade⁴³. O seu interese polos rasgos comúns a Galicia e Portugal mostrouse na súa dedicación científica, fundamentalmente no terreo da prehistoria e a arqueoloxía, onde as súas indagacións fornecían abundantes datos para fundamentar a existencia dunha comunidade galego-portuguesa, cando menos na parte que coincidía co territorio da antiga *Gallaecia*. A súa dedicación á reconstrución científica desta antiga unidade fragmentada no decorrer da historia enlaza á perfección co seu traballo poético sobre os cancioneros, pois neles, na lírica que recollían, encontrou non só unha conxunción de procedementos e formas literarias senón tamén as bases fundamentais do ser galego:

Sinala n-ila [Bouza na conferencia "Cencia e Filosofía Galegas"] as bases diferenciás máis antergas da nosa psicoloxía: no artístico e no filosófico. Bases que entrescolle das letras dos Romanceiros e Cancioeiros, por unha banda, e das doutrinas do célebre herexe Prisciliano, por outra. (Fernández del Riego 1951: 3)

É indubitable que no interese de Bouza pola poesía medieval galego-portuguesa había tanto motivos de índole literaria coma ideolóxica, favorecido pola súa crenza na unidade cultural e espiritual galego-portuguesa e a súa familiaridade cos saudosistas lusitanos⁴⁴. Por tanto, a ideoloxía saudosista podía ter participado na recuperación cancioneril, aínda que logo non tivese que manifestarse necesariamente no contido dos poemas: podía ser só o elemento motor desta recuperación, ao considerar a lírica medieval, común a Galicia e Portugal, como a *summa* desas características espirituais das que a máis destacada era a saudade⁴⁵.

A funcionalidade que a existencia dos cancioneros e a lírica trobadoresca tiveron en toda a teorización nacionalista galega, dentro da reconstrución mítica do medievo, pona de manifesto moi claramente o seguinte fragmento, algo longo, pero que sintetiza moi ben todos os elementos que levamos apuntados:

No artístico, son os cancioeiros a máis xenuina representación da alma popular, a mais antiga tradición da arte do pobo, en que a sentimentalidade alterna co senso intuitivo da paisaxe, a intimidade do poeta, coas cousas que o arrodean, as cantigas de ledino e romería coas chamadas Tenzóns d'amor. Son as voces poéticas mais exquisitamente delicadas que xurden das fonduras dos séculos XII, XIII e XIV. Cando Compostela, fito das estradas de Europa, n-aquel tempo, era o punto de contaio entre aquela maneira lírica e as correntes vindas de fora. Era o centro focal que soupo impôr, co seu domiño espiritual sobre as terras percorridas pol-as longas estradas da romaxe, a nosa lingua, deica lograr que compartise coa provenzal a hexemonía poética do Oicidente románico. Era o campo, onde xurdían dous feitos cumes na historia das artes: a escola escultórica de Mateo e a escola literaria dos Cancioeiros, respondendo a un tempo ao seu caraiter ecuménico e â súa posición verdadeiramente creadora na cultura galega. E así a nosa poesía de tanta prestancia lírica pódese decir que é precursora da castelá en todo canto tén de sentimento e de finura deica antes do Renacemento. Tén tan forte suxestión pra nós, que a sentimos inmorredoiro e fondamente temperamental nas xanelas do tempo. En Arias Nunes, en Bernal de Bonabal, en Martín Codax, en Gómez Charino, en Macías de Padrón que morreu de lexendarios amores, como tiña morto, tres séculos denantes, Egas Muñiz... (Fernández del Riego 1933: 185-186)

Por conseguinte, podería considerarse o neotrobadorismo ensaiado por Bouza Brey como unha alternativa literaria conscientemente “racial”, galega, e como tal tamén recibida, por exemplo, por Risco, que xa desde cedo (c. 1920) desbotara a vangarda como unha solución de actualidade para a literatura galega⁴⁶. Sen ánimo de entrar agora a repasar as polémicas que rodearon a arte nova na Galicia, principalmente no inicio da década dos vinte arredor do manifesto “Máis alá!” (aínda que nesta polémica subxacían cuestións políticas ou de diferentes formas de concibir a organización política)⁴⁷, debemos considerar como en 1928 seguía a cuestionarse, nalgúns sectores, a validez dos plantexamentos de vangarda para a literatura galega. Non se trata unicamente de que os detractores da vangarda puidesen ser reaccionarios no ámbito artístico (independentemente de que o fosen ou non no político), senón de que, dado o desenvolvemento histórico da literatura galega, a vangarda non era unha reacción natural, unha solución de continuidade lóxica na súa traxectoria histórica. Así á hostilidade dalgúns sectores galeguistas fronte ao vangardismo hai que sumar as reaccións dalgún grupo de mozos vangardistas que mesmo chegaban a acusar á máis destacada empresa de difusión do galeguismo (a editorial Nós) de hostilidade contra os intentos vangardistas e de ser portavoz unicamente daquela literatura galega que tiña o visto bon da “oficialidade”, como se pode comprobar en parte da correspondencia de Manuel Antonio do ano 28⁴⁸. Mostra tamén desta hostilidade é o forte ataque que a A. M. Casas como animador das literaturas de vangarda realiza V. Casas desde as páxinas de *A Nosa Terra*:

O improvisado crítico asegura olímpicamente que a millor lírica galega que houbo endexamais creárona os poetas da nova xeración e tén conceptos duros e falsos para os vellos poetas que crearon a poesía galega tradicional. (Casas 1928: 4)

Pero señores, ¿quén conosce a Xoán Carballeira, Denys Fernández, Augusto María Casas, pois él tamén se cita entre os millores, Xesús Bal, Díaz de Herrera, Emilio Mosteiro? (ibid.)

Como conclusión parcial podemos dicir que na aceptación que conseguiu o neotrobadorismo na solución de Bouza Brey tivo unha importancia principal ser unha solución de compromiso entre o novo e a tradición (medieval e popular) elevada a modelo de clasicidade, sen caer nun posible mimetismo a respecto das vangardas foráneas. Precisamente esta síntese xustifica o adxectivo “orixinal” que Carballo (1934) lle atribuíu, defendendo a poesía de Bouza das acusacións (non explícitas) de non ser a súa unha poesía nova (isto é, vangardista). Por iso mesmo a acollida que A. M. Casas lle dá a *Nao senlleira* combina a admiración coa puntualización de que non supón unha innovación literaria.

A MODO DE CONCLUSIÓN. AS CANTIGAS MEDIEVAIS NA POESÍA DE FERMÍN BOUZA BREY

Unha vez establecidas as coordenadas que enmarcaron a relación de Fermín Bouza coa lírica trobadoresca, así como a valoración positiva que a súa poesía mereceu por vir recoller estra tradición, pódese facer unha (mínima) revisión da presenza real dos elementos tomados do cancionero medieval na súa obra poética. En realidade estes elementos están presentes só nalgúns poemas. Ramiro Fonte (1992), Pilar Castro (1989) ou William Myron Davis (1969) teñen sinalado os poemas que, para eles, merecen o calificativo “neotrobadorescos”⁴⁹.

O neotrobadoresco pode adoptar diferentes formas e, en función da que escollamos para realizar a nosa definición, teremos unha relación distinta de poemas. Se facemos unha caracterización ampla, neotrobadoresco sería todo aquel poema que manifeste calquera pegada da lectura do cancionero medieval, e a nómina de poemas de influencia trobadoresca en *Nao senlleira* sería maior e, xunto cos de *Seitura*, sobrepasaría lixeiramente a ducia. Na súa maior parte os poemas neotrobadorescos publicáranse antes de 1936, a maioría en *Nao senlleira*.

Os poemas que se poderían calificar de neotrobadoristas, por diferentes motivos, serían (sigo a orde de publicación) "Trova infinita", "Lelías ao teu ouvido", "Triadas no mar e na noite", "Descordo pra ben muiñar", "Tenzón co malvís amigo", "Temas da fonte agachada", "O escordeonista", "Parranda mariñeira", "Quen dera..." e "Gándara" polo que fai a *Nao senlleira*¹⁰. Canto a *Seitura*, "Dende a Armórica", "Tópico no porto", "No cemitério de Cortegada do Minho" e "Godalho choutador"¹¹. Os procedimentos cancioneris informaron pois parte importante da lírica de Bouza, pero non a cubriron na súa totalidade.

A pegada que deixa a lectura dos cancioneros nestes poemas de Bouza é ben diversa e nalgún caso difícil de sinalar. Trátase fundamentalmente dunha influencia formalista, isto é, que beneficia recursos que se consideran propios e caracterizadores da poesía trobadoresca, principalmente do xénero de amigo: o paralelismo —de diversos tipos— e o refrán. O problema está en que estes recursos formais se ben caracterizan parte do cancionero de amigo —quizais as cantigas máis divulgadas—, non son exclusivos del e, por tanto, cando non temos outros elementos textuais que remitan á lírica medieval, resulta difícil establecer esta filiación.

Neste grupo de poemas de Bouza non encontramos nin a estrutura comunicativa da cantiga de amigo, nin os seus temas nin os seus suxeitos, só parcialmente coincide o elemento paisaxístico ("Triadas no mar e na noite", "Quen dera..."). Realmente só un pequeno grupo de poemas (non creio apropiado falar de cantigas) terían un claro referente nun poeta/poema do cancionero medieval (as "Triadas no mar e na noite" en "As frores do meu amigo" (B 817/V 410) de Chariño ou o "Godalho choutador" en "Levou-se a velida" (B 569/V 172) de D. Dinis e "Levou-s'a louçã, levou-s'a velida" (B 1188/V 793) de Pero Meogo), referente que pode afectar unicamente ao plano simbólico do poema sen interferir no plano formal (sería o caso de "Quen dera..." e a cantiga de Meendiño). Noutros, é o título o que nos remite a un xenérico medieval ("tenzón", "descordo", mesmo "trova"), aínda que logo a definición canónica deste termo teña pouco que ver co poema. A maior parte destaca pola utilización dalgún tipo de paralelismo ("Lelías ao teu ouvido", "Gándara", "Tenzón co malvís amigo", "No cemitério de Cortegada de Minho") e/ou do refrán ("Gándara", "Temas da fonte agachada", "Trova infinita"). Algúns destes poemas adoptan como forma estrófica un dístico (non sempre con versos da mesma medida) seguido de refrán (o modelo máis acabado sería "Parranda mariñeira") que en boa maneira foi o modelo neotrobadoresco por excelencia. Mais tamén se debe sinalar que os procedimentos paralelísticos están presentes en poemas como "Temas en corazón", "Regueifa" ou a "Barca da Saudade" que habitualmente non se consideran neotrobadoristas quizais pola presenza de elementos popularistas no primeiro, cívicos no segundo e espiritualistas e saudosos no terceiro.

En suma, a falta dunha análise pormenorizada e dun confronto puntual co cancionero medieval, o neotrobadoresco está presente só nunha parte reducida da poesía de Bouza Brey, aparece en rasgos formais e circunscríbese, principalmente, á súa produción poética de preguerra. A pesar disto, se este rasgo foi o máis destacado da

súa produción literaria débese (ademais de á comodidade que supón a repetición de etiquetas) ao momento histórico e cultural no que deu a coñecer os seus poemas.

Faise necesario pois, situar a poesía neotrobadoresca na recuperación xeral da tradición literaria galega en xeral, e trobadoresca en particular, con especial atención á divulgación dos textos cancionerís, emprendida polo pensamento galeguista por volta dos anos 20, dentro da recuperación xeral da conciencia histórica do noso país iniciada no século XIX.

A posta ao día da tradición literaria trobadoresca que as primeiras tentativas neotrobadoristas supuxeron (entre elas, a de Bouza) está relacionada tanto cos intentos de modernizar a literatura galega sen renunciar aos caracteres que se consideraban específicos dela como coa reescrita da nosa historia (fundamentalmente na construción mítica do pasado medieval) da teorización nacionalista, principalmente a risquiiana. A atención concedida aos elementos (principalmente espirituais) comúns a Galicia e Portugal (saudade, lirismo), elementos dos que o saudosismo portugués ofrecía xa un modelo elaborado rendible estética e ideoloxicamente, influíu tanto na atención aos cancioneros medievais galego-portugueses como na súa recuperación estética e literaria.

Só considerando este contexto poderemos afirmar mellor o valor e a beleza da lectura poética que Fermín Bouza Brey fixo dos nosos cancioneros; só considerando a dinámica histórico-literaria de cada momento no que a tendencia neotrobadoresca (re)aparece na poesía galega poderemos detectar os motivos da súa presenza e afrontar a análise da súa diversidade.

NOTAS

- 1 Entre estes traballos hai que salientar, tanto polo seu carácter de verdadeira aportación como pola súa calidade, o libro de Ramiro Fonte (Fonte 1992). Tamén é necesario facer mención, negativa, do libro de Dorinda Castro (Castro 1992) que contén erros, contradicións e medias verdades, sen ser tan sequera unha boa recompilación de traballos alleos, a pesar de que os ten en conta para reproducir(lles) case literalmente parágrafos enteiros sen citalos como fonte. Como exemplo, poden verse as paráfrases non confesadas de Carballo (1982 [1963]: 18) e Filgueira (1959) que realiza na páxina 20.
- 2 Por exemplo, Ramiro Fonte apuntou xa como “O ‘neotrobadorismo’ é unha das liñas ordenadoras do libro, pero non a única. O poeta sempre manipula estas formas en busca de novos artificios e non se somete ó cumprimento dunha lectura directa da tradición”. (Fonte 1992: 99)
- 3 Sobre os principais traballos que dedican algún comentario á poesía de Bouza publicados na preguerra e na posguerra poden verse, respectivamente, Dasilva (1992) e Fernández (1992).
- 4 Por exemplo, Carballo (1955b), Fernández Teixeira (1958), Franco Grande (1959) ou Losada (1976).
- 5 Isto non significa que algúns autores, os que máis atención dedicaron á súa obra en tempos non tan propicios coma os actuais, non sinalasen a presenza doutros elementos poéticos ben distintos, como Carballo (1931) ou Fernández Teixeira (1958).
- 6 B. Losada (1976) xa distinguía como obra iniciadora da tendencia as “Lelías ao teu ouvido”, a pesar de que “Xohan V. Viqueira escribiu hacia 1920 algún poema al modo de la cantiga de amigo”, indicando así a diferenza entre a prioridade cronolóxica exacta (quen compuxo antes) e a efectiva (quen fixo pública antes a súa produción, determinando ou motivando os intentos posteriores). Esta distinción retomarana Pena (1979) e Rodríguez Fer (1980).
- 7 Se temos conta de que *Doná...* se publica en 1950 e que *Cantiga nova...* se reedita en 1957 —con poemas novos— hai que considerar que a súa influencia no “rebrote” neotrobadoresco da posguerra tivo que ser decisiva, moito máis que a que puido ter a poesía de Bouza pois *Nao senlleira* se publicara en 1933 nunha edición moi limitada e *Seitura*, un libro onde o neotrobadoresco é moi circunstancial, en 1955 e en Portugal. Este feito debe terse moi presente á hora de valorar o consenso xeral que se dá na posguerra arredor da figura de Cunqueiro como o neotrobador por excelencia.
- 8 Antes de 1933, ano de publicación de *Nao senlleira*, Bouza publicara diversos poemas, algúns recollidos logo neste libro, outros que non chegaron a formar parte del. Relaciono a continuación ambos os grupos, sinalando só a data da primeira publicación. Os non coleccionados en libro son: “Amoriños” (*Maruxa* 22-4-1917) —coñezo este poema gracias á amabilidade do profesor Dobarro—, “Teu nome” (*Galicia Nueva* 23-11-1922), “Canto a Galicia” (*Galicia Nueva* 25-9-1922), “Pra facer un feitozo...” (*Nós* 25-8-1922), “O Señor Sant-Yago” (*Terra* 25-8-1923), “Soneto antergo” (*A Nosa Terra* 1-9-1924), “Lied” (*A Nosa Terra* 25-7-1927) e “Canto a Ourense” (*El Compostelano* 2-7-1927) (Bouza Brei 1981; Capelán 1992). Os logo incluídos en *Nao Senlleira* son: “Trova infinita” (*Nós* 15-3-1926), “Lelías ao teu ouvido” (*Nós* 15-8-1926), “Triadas no mar e na noite” (*Nós* 15-5-1927), “Teño...” (*Nós* 15-9-1927), “Descordo pra ben muiñar” (*Nós* 15-5-1928), “Clamor na encrucillada” (*Nós* 15-11-1928), “Tenzón co malvis amigo” (*Nós* 15-6-1929), “Trova das sete naos” (*Nós* 25-7-1930), “Temas en corazón” (*Nós* 15-10-1930), “Cata a fonte costureira” (*Nós* 15-12-1930), “No anal de Manoel Antonio” (*Nós* 15-1-1931), “O escordeonista” (*Nós* 15-5-1931), “Cantiga cívica” (*Nós* 25-7-1931), “Parranda mariñeira” (*Cristal* 6-12-1932), “Limiar” (*Cristal* 7-1-1933), “Tópico no porto” (*Nós* 15-4-1933) e “Agarimo” (*Nós* 15-7-1933). Incluíu os poemas publicados no ano 1933, a pesar de que a primeira reseña que coñezo de *Nao Senlleira* se publicou en maio de 1933 (cfr. “Los libros”, *El Pueblo Gallego* 18-5-1933: 7).

- 9 É necesario pois precisar a afirmación dos autores da *Fotobiografía* de Bouza Brey "Unha crítica aparecida no número 115 de *Nós* (xullo de 1933) califica a Bouza-Brey de poeta de feitío cortesán", concepto que repetirán constantemente outros estudiosos da literatura galega" (VV. AA. 1992: 115), tanto pola máis que probable autoría de Risco desta reseña coma porque este calificativo xa o lanzara anos antes.
- 10 Neste sentido, cremos clarificadoras estas palabras de Vicente Risco: "Moi ben que queiramos faguer cousas novas —sempre dentro do noso— facendo as fagamos, non sexan com'as fan en Londres, nin en París, nin en ningures, senon coma nonas haxan feito aínda en ningunha parte do mundo" (Manoel-Antonio 1979: 77).
- 11 A outra cara da moeda encontrámola nun artigo de V. Casas do ano 28 escrito en contestación a outro de A. M. Casas onde destaca a grandeza poética de Amado Carballo porque "sabía irmanar perfectamente a forma moderna da poesía co'a racialidade galega pois toda a súa produción admirabre recende á Terra de onde sabía tirar a inspiración e os motivos" (Casas 1928: 4).
- 12 Esta reseña, moi interesante, non a ten en conta Dasilva (1992).
- 13 Nun texto de recente publicación, a *Fotobiografía* de Bouza-Brey, considérase a A. Carballo, xunto con Viqueira, como antecedentes do neotrobadorismo, mentres se citan entre os seguidores da tendencia a Díaz Jácome, Cunheiro, Filgueira e Álvarez Blázquez (VV. AA. 1992: 117). A inclusión de A. Carballo entre os antecedentes do neotrobadorismo débese a unha interpretación errada dunha cita de Méndez Ferrín que sinala a Viqueira como "Poeta, pois, que parte de niveis estilísticos a ras de Noriega (como el conectado ó grupo da Renascença Portuguesa) e no que se anuncian xa Bouza Brei e Amado Carballo" (Méndez Ferrín 1984: 44) mais que en ningún momento fai referencia ao neotrobadorismo.
- 14 Que os poetas abertamente rupturistas e vanguardistas sufrían a acusación de non facer unha arte racial, enxebre, o proban as palabras de M. Antonio no "Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribenu": "El dí, a pesar disto, que o seu arte é máis racial que moitos dos que campan a rentes do noso chan, por mor de ver na estética do pobo o espírito e non a letra".
- 15 Coincido coa afirmación de Ramiro Fonte de que "*Nao senlleira* serve tamén, pois, como caixa de resonancia das ideas e dos conceptos que Risco expresara na súa teoría e no limiar da revista *Nós*" (Fonte 1992: 113), aínda que creo que se pode ir máis aló e afirmar que a ideoloxía de Risco non só está en *Nao senlleira* senón que tamén propiciou a valoración e a recepción positiva da obra, principalmente no que fai á recuperación da tradición medieval. Da excelente acollida da obra de Bouza encontramos mostras nos lugares máis insospeitados como, por exemplo, na necrolóxica de Xurxo Lourenzo publicada en *Nós* (124-25: 66) que comenta a admiración que este sentía pola obra do poeta.
- 16 En realidade este poema é de seu irmán Anselmo.
- 17 Esta mesma cantiga publicárase xa en 1923 noutra revista bonaerense coas mesmas ilustracións que acompañaron a súa reprodución en *Céltiga* ("Da Antiga Lírica Galega. Alfonso X o Sabio", *Terra* 4). Outra composición do Rei Sabio, a cantiga mariana "Esta é como Sancta María guareceu en Onna al rey don Fernando, quando era mennino, di una grand enfermidade que avia" tamén se publicara noutra revista arxentina en 1916 ("La vieja poética gallega", *Suevia* 4).
- 18 Ao mesmo problema dáballes unha solución distinta X. Vicente Viqueira: "¿Qué non temos clásicos galegos? —Fagamos nosos os clásicos portugueses. Sobre todo Camões pode ser o noso mestre!" (*A Nosa Terra* 77: 5)
- 19 Sobre as diversas discusións ortográficas no século XIX pode verse C. Hermita (1992: 187-194).

- 20 Por exemplo, un fragmento de "Quen na virgen groriosa" serve para argumentar a lexitimidade da ortografía etimolóxica ("De ortografía galega", *A Nosa Terra* 104). Por estas datas a polémica ortográfica está moi viva, como se pode ver nos números 93, 94, 95, 96, 100 e 102 desta mesma publicación.
- 21 Inclúe composicións de seis trobadores medievais: Pero da Ponte ("Vistes madr', o que dizía" e "O muy bom rey que conquis a fronteyra"), Bernal de Bonaval ("A dona que eu m'e tenho por senhor"), Payo Gomez Charino ("As frores do meu amigo" e "Ay, Santiago, padrom sabido"), Johan Ayras ("Amigo quando me levou"), Ayras Nunez ("Por deus; corazom, mal me matades") e Alfonso el Sabio ("Rosa das rosas et Fror das froles") (Carré 1911: 145-49).
- 22 Alfonso IX, Pay Soarez de Taveiros, Pero Vello de Taveiros, Joan Soares de Paiva, Alfonso do Cotton, Alfonso X, Bernal de Bonaval, Abril Peres, Pero da Ponte, Joan de Guillade, Pay Gomez Charino, Meen Rodriguiz Tenorio, Per'Amigo de Sevilla, Joan airas, Don Denis, Martin Codax, Pero Moogo, Airas Nunes, Nuno Fernandez Torneol, Meendiño, Fernand'Esquio, Joan Fernandes d'Ardeleiro e os poetas do Cancioneiro de Baena son os seleccionados para representar a escola trobadoresca galego-portuguesa (López Aydillo 1914).
- 23 A carta consérvase no Fondo Viqueira da Fundación Penzol. Está sen datar mais referencias internas ("pela colocação dos seus versos [de Viqueira] no 2º nº da nossa Revista veria vostede canto foron do meu gosto" e "Dende logo para o 4º nº quero ter algo seu sin falta") permiten afirmar que foi escrita despois de xuño de 1924 (data que figura no nº 2 de *Ronsel*) e antes de agosto dese mesmo ano (data que aparece no nº 4 da mesma publicación).
- 24 Os poetas escollidos son Martín Codax ("Cantiga": "Ondas do mar de Vigo"), o Rei Alfonso o Sabio ("Cantiga": "Como Santa Maria resucitou un meniño en Coira, unha aldea que é preto de Sevilla"), Joan Airas, burgués de Santiago ("Pastorela": "Pel-o souto verdecente" e "Pel-o souto de Crexente") e Alfonso de Villasandino ("Cantiga": "Des que de vos me parti").
- 25 Nela recolle cantigas de Abril Perez, Alfonso Cotón, Alfonso X, Arcediano de Toro, Bonaval, Martin Codax, Nuno Fernández Torneol, Juan Airas, Juan de Guillade, Juan Zorro, Charinho, Pay Soarez de Taveiros, Pedro Meogo, Pero da Ponte e Ruy Fernández de Santiago. Álvaro de las Casas prologou tamén unha antoloxía de lírica portuguesa, na que aparecían cantigas de Mendinho, D. Denis e Ruy Fernández de Santiago, mais na que a escolma non foi da súa responsabilidade (Casas s/d).
- 26 Este traballo menciónao J. Pesqueira "Victor Said Armesto" (*Acción Gallega* 16) como un dos que quedaron inéditos á súa morte en 1914. Tamén inédito podemos citar outro traballo, da autoría de F. J. Sánchez Cantón, "Influencia de la literatura gallega en la nacional", que utiliza como base de traballo a lírica cancioneril. Este estudio concorrera —e gañara— a un certame literario convocado en Vigo en 1910 (*Boletín de la Real Academia Gallega* III: 292), no que tamén presentou un traballo E. Carré logo publicado (Carré 1915).
- 27 Unha das teses fundamentais do seu traballo é opor o 'xenuíno Codax' —testemuñado polo pergamino Vindel— ao Codax lusitanizado polos seus editores ata ese momento. Oviedo y Arce considera que o berce da lírica trobadoresca estivo en Galicia, desde onde se estendeu a Portugal, sendo deturpada entón polas copias lusitanas —base das italianas—, deturpación perpetuada polas edicións modernas (Oviedo y Arce 1916).
- 28 *Nós* 37: 4-8 e *Nós* 38: 10-14. Nel hai unha indicación expresa dos materiais que lle serviron de base para elaboralo: a edición diplomática de Monaci do cancionero da Vaticana e a crítica de Braga do mesmo cancionero. Nas súas citas de cantigas, corrixe a ortografía pola do "galego vulgar aital" (Filgueira 1927 a: 4).

- 29 Os directores foron, cronoloxicamente, Cotarelo, Moralejo e Pedret Casado. O profesor Carballo Calero, membro do Seminario, ten reflexionado sobre cal foi o labor real desta sección: "Mais un funcionamento coordinado e continuo desta sección non era posíbel. Dunha banda, aqueles dous catedráticos universitarios [Cotarelo e Moralejo] nunca dispuxeron do suficiente tempo libre para formar discípulos no seo do Seminario, e doutra, a falta de ambiente apropiado, ao non existir estudos específicos de Filoloxía na Facultade de Filosofía e Letras, non propiciaba vocacións de filólogos; de xeito que como colectividade a sección de Filoloxía non resultaba viábel, e a súa existencia sempre foi máis nominal que real, cando menos desque se desglosou da mesma o estudo da Historia da Literatura que aparece formando a sección especial a partir de 1933" (Carballo 1978: 15).
- 30 Infórmasse de que "Ten cáse rematado un traballo en col do galego antigo" (Nós 35:10).
- 31 Tamén a través da prensa sabemos da celebración dunha reunión da sección de Filoloxía "bajo la presidencia del señor Pedret Casado, para escuchar la lectura de una serie de papeletas de Filología medioeval gallega que el señor López Aydillo ha ofrecido comunicar al Seminario" (*El Pueblo Gallego* 11-11-1934: 12). É de lamentar que carezamos dunha monografía sobre o Seminario de Estudos Galegos, o cal dificulta notablemente o seguimento puntual das súas actividades.
- 32 Cotarelo 1904; 1929; 1931; 1933 a; 1933b. Cotarelo ingresou na Real Academia Española no ano 29, en representación de Galicia, cun discurso sobre literatura medieval titulado "Payo Gomez Charino, almirante y poeta" que *El Pueblo Gallego* reseñaba así: "El estudio de Cotarelo Valledor no es sólo un interesante bosquejo histórico, pleno de interés, sino que constituye un muy documentado estudio de la lírica gallega, tan felizmente cultivada por Payo Gómez" (*El Pueblo Gallego* 1-4-1929). Sobre o discurso de ingreso de Cotarelo tamén pode verse "Cotarelo na Academia Española. O seu discurso" (Nós 65: 90-91).
- 33 Este manual formaba parte dun proxecto máis amplo de creación dunha serie de estudos galegos que "han de llenar la misión utilísima de orientar en los más distintos aspectos al investigador o simplemente al estudioso de las cosas gallegas", dos que Risco elaboraría o de historia, Otero de Xeo-grafía, Igrexias o de Ciencias, etc. (*El Pueblo Gallego* 19-5-1934: 9). A mesma serie anúnciase no "Catálogo de publicaciones. 1923-1935" do Seminario. Mais é de xustiza notar que esta última etapa do SEG estivo rodeada dunha certa polémica e a institución recibe críticas sobre o seu funcionamento desde sectores en absoluto hostís ao seu labor (vid. *Alento* 7-8: 145-148).
- 34 "Lecturas. 'Cantigas d'amigo' de José Joaquim Nunes" (*A Nosa Terra* 227: 20) e "Lecturas. 'Cantigas de amigo' de José Joaquín Nunes" (*A Nosa Terra* 260: 11).
- 35 Reférese á edición do Cancioneiro da Vaticana realizada por Monaci que Vesteiro posuía e doara en 1876, días antes da súa morte, á Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, onde está hoxe.
- 36 "Fermín Bouza Brey had become acquainted with the medieval *cantigas* through reading the anthology of Carré Aldao and had at his disposal the *Cancioneiros*, Nunes's anthologies, and so forth(6)" (Myron Davis 1969: 5). Na nota aclara: "Data furnished in a personal communication by Ramón Piñeiro after his consultation with Bouza-Brey" (ibid.).
- 37 Nos nacionalismos conceptualmente orgánico-historicistas, como o galego, a especificidade da nación é produto da historia, que xera os seus caracteres propios (raza, lingua, costumes, institucións, mentalidade colectiva, etc.). Un bon resumo da configuración dos nacionalismos orgánico-historicistas pode verse en G. Beramendi (1981, 1: 19-31). A análise dos fundamentos históricos e culturais que se encontran no inicio das reivindicacións galeguistas pode verse en Máiz (1984: 43-47).

- 38 Afonso Lopes Vieira xa figuraba, segundo indica Risco en “Nós, os inadap-
tados”, entre as lecturas dos integrantes do “cenáculo ourensán” antes da
súa conversión ao galeguismo. En data moi temperá a figura de Lopes Viei-
ra —como en xeral o movemento cultural portugués contemporáneo, prin-
cipalmente o articulado ao redor do núcleo saudosista— desperta a atención
dos nacionalistas (Torres, 1990), ata o punto de que X. V. Viqueira lle dedi-
ca xa en 1919 un traballo (“Novos poetas en Portugal. Alfonso Lopez Viei-
ra”, *A Nosa Terra* 95: 3). Dous anos antes, en 1917, *A Nosa Terra* xa publi-
cara “A Galiza. A modo de velho cantar” (*A Nosa Terra* 30: 1), poema no
que ensaia a estrutura de dístico, neste caso pareados, con refrán —a de
maior éxito e rendimento no que se ven considerando neotrobadorismo— e
utiliza procedementos paralelisticos na súa construción, aínda que o seu
contido non é debedor da poética trobadoresca e si da saudosista, neste caso
cunha interpretación ben concreta das relacións (pasadas e futuras) entre
Galicia e Portugal. De feito non é casual que no artigo “A embaixada espiri-
tual de Leonardo Coimbra” (*Nós* 7) se mencione un fragmento deste poema
como exemplo da óptica que sobre as relacións galego-portuguesas había
desde Portugal. Lopes Vieira é tamén un dos poetas portugueses escollidos
para a sección que a traducións de lírica lusitana dedicaba a revista *Alfar*
 (“Poetas portugueses. Alfonso López Vieira: La vida”, *Alfar* 36). Anos des-
pois a referencia a este mesmo poema de Lopes Vieira terá de estar tinxida
de amargura, pois o tempo poría ao descuberto a moi diferente funcional-
idade que o entendemento entre Galicia e Portugal tiña dun e doutro lado do
Miño (vid. Castelao e Suárez Picallo, “Carta a Oliveira Salazar, dictador de
Portugal”, *Nova Galiza* 2, onde máis unha vez a comunidade galego-
portuguesa volve exemplificarse nos cancioneros). Tampouco estará de
máis lembrar agora que na nota de “Os Editores” que encabeza o libro *Sei-
tura* se presenta a Bouza Brey con estas palabras: “Fundou uma nova escola
poética de sentido paralelo à portuguesa de Afonso Lopes Vieira, embora
mais achegada ao Povo e mais moderna” (Bouza 1955).
- 39 Tiro os exemplos das innúmeras referencias, en ocasións xeneralistas, en
ocasións ben específicas, que aparecen en artigos e traballos, de autoría di-
versa, impresos nas publicacións periódicas máis significativas do período
1917-1936.
- 40 Non é ocioso lembrar que o primeiro fragmento do famoso “Poemeto da
Vida” de Viqueira, directamente inspirado na lírica trobadoresca galego-
portuguesa, comeza cunha pequena introdución en prosa que di así: “Ao
raiar do sol, Amiga, gracia de lua, dona das donas, foi c’as súas compañei-
ras, se bañar e con *reminiscencias raciais* cantou esta alborada” (a cursiva é
miña).
- 41 *Céltiga*, un dos medios que máis atención prestou á cultura lusitana e ao mo-
vimento saudosista, publica unha cantiga de Villasandino, poeta da escola
galego-castelá, co título de “Romance da Saudade” (“Desq’ de vos me
partilume d’estes ollos meus”) (*Céltiga* 128), título idéntico ao dun poema
de Blanco Amor —de contido ben distinto— publicado na mesma revista
(*Céltiga* 26) e logo incluído nos *Romances galegos*.
- 42 A velada celebrárase o 14 de marzo. Nela interviran tamén S. Cabeza de
León, Cotarelo e Otero Pedrayo (*A Nosa Terra* 223: 7-8). Na Coruña o al-
calde M. Casás organizara outra velada necrolóxica (*A Nosa Terra* 221: 5; *Bo-
letín de la Real Academia Gallega* XVI: 22-23). Igualmente se publicaron noti-
cias necrolóxicas no *Boletín de la Real Academia Gallega* (XV: 285-286) e en
A Nosa Terra (219: 11).
- 43 “A Encarnaceon Galega da Saudade”, *Céltiga* 13.
- 44 Na autopoética enviada a Filgueira confesa lecturas de “Guerra Junqueiro.
Teixeira de Pascoaes” (Bouza 1992: 14), á par de que, segundo Filgueira,
“xa tiña amizades cos portugueses, con Teixeira de Pascoaes e con Leonar-
do de Coimbra sobre todo” (Salgado 1992: 128). Con todo, non se conserva

correspondencia de Bouza no arquivo Teixeira de Amarante que nos poda servir de guía na súa suposta relación.

- 45 En relación co amor, Carolina Michaëlis sinalara xa a presenza do elemento saudoso no cancionero medieval: "O Sentimento da Saudade já era familiar aos coevos de D. Denis. Em 1200 'morrer de amor' já era costume dos mi-mosos de alma atormentada" (Michaëlis, 1: IX).
- 46 Dicialle Risco a Manuel Antonio, en 1920: "Hoxe, os galegos, escribindo no noso idioma, principiámos a nos abrir camiño no mundo, sen necesidá d'andar buscandolle cinco pés ô gato con *ismo* de ningunha clás. Mais como compre que'esteamos enterados de todo, que non sexamos alleos ô mundo d'afora, por iso me teño dedicado a espallar isas cousas na nosa Terra. Conte que sempre hemos deprender algo e que debemos estudar eso, anque cecais nos interese moito mais o estudio do noso *Folk-lore*, do Saudosismo portugués, dos *haikai* xaponeses, da mesma Arte Negra, e moi especialmente as literaturas nórdicas antigas e modernas (Celta y Escandinava principales). E conte tamén que o que os estranxeiros han estimar máis en nós, ha ser o carauter nacional, o galeguismo, o enxebrismo da nosa arte e da nosa literatura, pois iso é o que ha ter novedá pra eles, e o que eles se nós fa-guemos cousas boas, chegarán a imitar..." (Manoel- Antonio 1979: 76-77).
- 47 A este respecto é significativo como nun artigo publicado en decembro de 1922 en *A Nosa Terra* Federico Zamora reduce o nacionalismo a dúas clases: o cultural ou "cubista" da ING e o "galego" das Irmandades da Fala (Bera-mendi 1981, 2: 22).
- 48 Anxel Casal escribelle a Manuel Antonio: "Sería ben dixese ô seu amigo Bal que anunciase a proisima aparición do libro, facendolle ver que mellor que falar dos que fan é facer tamén —seguindo o exemplo de vostede que non se mete con ninguén e traballa— compre cordialidade e produción. Pode decirlles ademais que Nós non é de ningunha das escolas sinon de todol-os es-critores galegos en galego. Para proba abonda a edición do seu libro cuio es-tilo en nada se somella ô de outros escritores que en Nós colaboran" (Manoel-Antonio 1979: 281). Logo Manuel Antonio escribe a Maside "Recebin esa tarxeta de Casal, que che remito pol-o que dí dos dibuxos e ademais pra que ll'a amostres a Bal —eu non-o conezo persoalmente, nin si-quera de vista— engadindo pol-a miña parte que eu non poño nin quito nada d'o que n-a tarxeta se dí" (ibid.).
- 49 R. Fonte considera "claramente neotrobadorescos" "Lelías ao teu ouvido", "Triadas no mar e na noite", "Tenzón co malvís amigo", "Parranda mari-ñeira" e "Gándara" en *Nao senlleira* (Fonte 1992: 90-91) e apunta a presenza do elemento neotrobadoresco en "Tópico no porto" e "Falas da doce me-ninha" de *Seitura* (ibid.: 129-130). W. Myron Davis, a pesar de non facer unha relación explícita dos textos que considera neotrobadorescos, analiza como tales "Triadas no mar e na noite" (Myron Davis 1969: 21-22), "Quen dera ser nao senlleira" (ibid.: 130) e "Godalho choutador" (ibid.: 230). Pola súa parte, Pilar Castro selecciona para a súa antoloxía de poesía neotrobado-resca os seguintes textos de Bouza: "Gándara", "Tenzón co malvís amigo", "Lelías ao teu ouvido", "Trova infinita", "Temas da fonte agachada" (Cas-tro 1989: 21-29) e "Tópico no porto" (ibid.: 173).
- 50 Os poemas seguen no libro a mesma orde que na cronoloxía da súa publica-ción, agás no caso de "Quen dera..." que é o poema que abre *Nao senlleira*. Publicáronse, respectivamente, en *Nós* 27, *Nós* 32, *Nós* 41, *Nós* 53, *Nós* 66, *Nós* 84 (sen título), *Nós* 89, *Cristal* 6 e *Cristal* 7 (co título "Limiar"). O poema "Gándara", no que eu coñezo, non se publicou antes da saída do libro.
- 51 "Dende a Armórica" publicouse en 1935, con variantes e co título "A un mozo galego dende Cornualla", en *A Nosa Terra* 384. "Tópico no porto" publicárase, tamén con variantes, en 1933 (*Nós* 112).

Bibliografía citada

Blanco Amor, Eduardo

- 1928 "El momento de Galicia", *Céltiga* 90.

Bouza Brey, Fermín

- 1981 *Obra literaria completa* (Santiago: Edicións do Cerne).
1955 *Seitura* (Braga: Colecção 4 Ventos)
1992 *Autopoética 1935* (Santiago: Consello da Cultura Galega).

Capelán, Antón

- 1992 "Cinco poemas esquecidos de D. Fermín Bouza Brey", *A trabe de ouro* 9: 103-110.

Carballeira, Xohán

- 1934 "Temas galegos. A obriga da nosa xeneración", *El Pueblo Gallego* 27-5-1934: 1.

Carballo Calero, Ricardo

- 1931 "Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea", *Nós* 87: 52-59.
1932 "Balance e inventario da nosa literatura", *Nós* 108: 222-223.
1934 "Glorias e perigos da poesía de Fermín Bouza Brey", *Nós* 130: 146-147.
1955a *La poesía gallega del siglo XX* (Madrid: Universidad de Madrid).
1955b *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (Madrid: Gredos).
1978 "O idioma" en VV. AA. 1978: 13-19.
1982 *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).

Carré Aldao, Eugenio

1911 *Literatura gallega* (Barcelona: Editorial Maucci).

1915 *Influencias de la literatura gallega en la castellana* (Madrid: Francisco Beltrán).

Casas, Augusto María

1933 "Admiraciones. Nao senlleira", *El Pueblo Gallego* 24-7-1933: 10-11.

1935 "Esquema da nova poesía galega", *Nós* 139-144: 115-124.

Casas, Álvaro de las

1928 *Antología de la lírica gallega* (Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones).

s/d *Antología de la lírica portuguesa* (Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones).

Casas, Víctor

1928 "Encol da lírica galega. Resposta a un artigo tendencioso", *A Nosa Terra* 250: 4-5.

Castro, Pilar

1989 *Antología crítica de la poesía neotrovadoresca gallega* (Universidad Autónoma de Madrid: Tese de doutoramento).

Castro, Dorinda

1992 *Fermín Bouza Brey (A paixón dun humanista)* (Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio).

Dasilva, Xosé Manuel

1992 "A apreciación da poesía de F. Bouza-Brey (Dezasete textos críticos entre 1922 e 1935)", en Departamento de Filoloxía Galega 1992: 63-89.

Departamento de Filoloxía Galega

1992 *Día das Letras Galegas 1992. Fermín Bouza-Brey* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Fernández del Riego, Francisco

1933 "Índice cultural e artístico do Renacemento galego", *Nós* 117: 184-188; 118: 224-228 e 119: 241-243.

1951 *Manual de Historia de la Literatura Gallega* (Vigo: Galaxia).

Fernández Teixeira, Manuel María

1958 "Notas en col da poesía de Fermín Bouza-Brey", *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVIII: 125-140.

Fernández, Elisa

1992 "O poeta Bouza-Brey ante a crítica (1936-1991)" en Departamento de Filoloxía Galega 1992: 90-112.

Filgueira Valverde, Xosé

1959 "El retorno a la "forma inmóvil" en la lírica gallega", *Ínsula* 152-153: 6.

1978 "O que foi o Seminario de Estudos Galegos" en VV. AA. 1978: 31-38.

Fonte, Ramiro

1992 *Fermin Bouza Brey e a súa obra literaria* (Vigo: Galaxia).

Franco Grande, Xosé Luís

1959 "Panorámica de la poesía gallega actual", *Ínsula* 152-153: 15.

G. Beramendi, Justo

1981 *Vicente Risco no nacionalismo galego* (Santiago: Edicións do Cerne).

Hermida, Carme

1992 *Os precursores da normalización* (Vigo: Xerais).

Hernández, Mario

1974 *La literatura gallega* (Madrid: Publicaciones Españolas).

Justo Gil, Manuel

1981 *La literatura en lengua gallega* (Madrid: Cincel).

López, Atanasio

1931 "Convento de Santa Crara de Pontevedra", *Logos* 4: 9-13.

López Aydllo, Eugenio

1914 *Las mejores poesías gallegas* (Madrid: Imprenta Artística Española-Librería de la viuda de Pueyo).

1923 *Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas* (New York-Paris: Revue Hispanique).

López Casanova, Arcadio

1990 *Luís Pimentel e Sombra do aire na herba* (Vigo: Galaxia).

Losada, Basilio

1971 *Poetas gallegos de postguerra* (Barcelona: Ocnos/Llibres de Sinera).

1976 "La literatura", en *Los gallegos* (Madrid: Istmo).

Máiz, Ramón

1984 *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)* (Sada-A Coruña: Edicións do Castro).

Manoel-Antonio

1979 *Correspondencia* (Vigo: Galaxia).

Martínez López, Ramón

1984 "Cotarelo, gran tutor" en *Presencia de Armando Cotarelo en Galicia* (Santiago: Dirección Xeral de Cultura-Xunta de Galicia): 23-28.

Méndez Ferrín, Xosé Luís

1984 *De Pondal a Novoneyra* (Vigo: Xerais).

Montero, Xavier

1920a "Divagacións. A épica castelá e a lírica galega", *A Nosa Terra* 117: 6-7.

1920b "Divagacións. Humorismo galego", *A Nosa Terra* 118: 4-5.

Mota Lopes, José da

1934 "A nosa literatura xusgada en Portugal", *A Nosa Terra* 323: 4.

Murguía, Manuel

1905 *Breves consideraciones acerca de los Cancioneros galecio-portugueses de la Vaticana y Colocci-Brancuti, y trovadores gallegos que en ellos figuran* (La Coruña).

Myron Davis, William

1969 *Neo-troubadourism in Galicia, Portugal and Brazil* (New York University: Tese de Doutoramento).

Núñez Seixas, Xosé M.

1992 "Portugal e o galeguismo ata 1936. Algunhas consideracións históricas", *Grial* 113: 61-77.

Otero Pedrayo, Ramón

1930 "Un deber do Profesorado Galego", *El Pueblo Gallego* 16-7-1930: 1.

Oviedo y Arce, Eladio

1916 "El genuino "Martín Codax", juglar gallego del siglo XIII", *Boletín de la Real Academia Gallega* 109: 1-16; 111: 57-65; 112: 89-104; 113: 121-135; 114: 153-162; 117: 233-257.

Pena, Xosé Ramón

1979 *A poesia de Manuel Antonio nas literaturas galegas de vanguarda* (A Coruña: Nós).

Risco, Vicente

1927 "Da renacencia galega. Os novos", *Céltiga* 60.

Risco, Vicente

1928 "Da Galiza renascente", *A Nosa Terra* 253: 4-6.

Rodríguez Fer, Claudio

1980 "En contacto co herdo medieval galego", *La Voz de Galicia* 28-8-1980.

1933a "A cultura galega hoxe en día", *Nós* 115: 98-105.

1933b "Vocabulario castellano-gallego das Irmandades da Fala", *Nós* 118: 228.

Salgado, Xosé Manuel

1992 "Entrevista a Xosé Filgueira Valverde" en Departamento de Filoloxía Galega 1992: 125-131.

Torres-Feixó, Elias J.

1990 "Der "Saudosismo" in Galician. Die Zeit von "Nós" und ihr Kontext", *Travía. Revue der Iberischen Halbinsel* 18: 32-35.

Varela Jácome, Benito

1951 *Historia de la literatura gallega* (Santiago: Porto y Cía Editores).

Varela, José Luís

1976 "Introducción literaria", *Galicia* (Madrid: Fundación Juan March).

Vázquez Cuesta, Pilar

1980 "Literatura gallega", en Díez Borque (ed.), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas* (Madrid: Taurus).

Villar Ponte, Antón

1924 "Estética racial. A parroquia", *Ronsel* 2: 8-9.

1931 "Exemplos. Cousas que dinse do galego", *El Pueblo Gallego* 10-2-1931: 1.

Viqueira, Xohan Vicente

1920 "Divagacións engebristas", *A Nosa Terra* 117: 1-4.

VV. AA.

1978 *Testemuños e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos* (Sada-A Coruña: Edicións do Castro).

1992 *Fermín Bouza-Brey. 1901-1903. Unha fotobiografía* (Vigo: Xerais)